



Fotos: Carmen Blanco e Claudio R. Fer, escritores galegos e amigos desta web



Descargar

[PDF](#)

Recompilación: [Anxo González Guerra](#) // [Vitoria Ogando](#)
[Valcárcel](#) -ogalego.eu // ogalego.gal

201 CANTIGAS GALEGAS

"Cantarte hei, Galicia, teus dulces cantares" (Rosalía de Castro)

A/

[Ai Maruxiña! 54](#)

[Ai, Maruxiña! 130](#)

[Ai, Pepiño adiós. 23](#)

[Airiños, airiños, aires. 126](#)

[Alá vai o gaitero. 71](#)

[Alalá das Mariñas. 22](#)

[Alalá de Canedo. 171](#)

[Alecrín. 201](#)

[Aló arriba naquel outeiro. 138](#)

[Amoriños collín. 8](#)

[Andar miudiño \(O\). 3](#)

[Ansuíña. 111](#)

[Apaga o candil. 12](#)

[Aparta, loureiro verde! 131](#)

[Arco da vella fuxe de aquí. 141](#)

[Árdelle o eixo. 39](#)

[Arrepipí. 56](#)

[Arroz con chícharos. 20](#)

[Axéitame a polainiña! 86](#)

/B/

[Baila, queridiño! 83](#)

[Barqueiros de Ribadavia I. 128](#)

[Barqueiros de Ribadavia II. 89](#)

[Bate meu leite. 156](#)

[Bebín un viño Albariño. 161](#)

[Beira do mar \(Na\). 24](#)

[Boas tardes, Maruxiña! 76](#)

/C/

[Camariñas. 43](#)

[Cambados. 19](#)

[Camiña don Sancho -romance-. 85](#)

[Caneiros \(Nos\). 23](#)

[Canta, miña compañeira. 135](#)

[Cantar \(O\) do arrieiro. 158](#)

[Cantar da vendima. 73](#)

[Cantar de cego. 87](#)

[Canteiros e carpinteiros. 99](#)

[Cantiga da arada. 105](#)

[Cantiga da Cañiza. 21](#)

[Cantiga das namoradas. 170](#)

[Cantiga de berce. 191](#)

[Cantiga de laboura. 90](#)

[Cantiga de Montefurado. 32](#)

[Cantigas de cegos. 177](#)

[Cantigas de matrimonios. 98](#)

[Cantigas de mulleres casadas. 179](#)

[Cantigas de mulleres que deciden. 178](#)

[Cantigas de Pontevedra. 13](#)

[Cantigas de Reis. 192](#)

[Cantigas de Reis \(Pombeiro\) 193](#)

[Cantigas sobre homes de pouco valor. 180](#)

[Cantigas sobre mulleres que cantan. 181](#)

[Cantigas varias. 15](#)

[Caracol, col, col. 136](#)

[Carballeira de San Xusto. 44](#)

[Carballo da Portela \(O\). 185](#)

[Carmiña, Carmela. 80](#)

[Carolina \(A\). 2](#)

[Catro pachocas \(As\). 47](#)

[Catro patas ten un gato. 137](#)

[Catro vellos mariñeiros. 6](#)

[Chove, chove. 150](#)

[Coloradiña de cara. 102](#)

[Coplas de espadelada. 166](#)

[Coplas de pandeiro. 173](#)

[Costureira \(A\). 46](#)

[Cuco de maio, cuco de abril. 146](#)

/D/

[Dáme lume Clara! - Dáme lume Xoana! 91](#)

[Dáme lume, Sara! 118](#)

[Donde vés, María. 64](#)

[Donicela, bonitiña. 144](#)

[Dorna \(A\). 65](#)

[Dous amores. 197](#)

/E/

[E pra que non digas. 32](#)

[Eí veñen. 14](#)

[Ela quer que... 176](#)

[Entrar na Coruña \(Ó\). 79](#)

[Era o viño. 70](#)

[Estaba a silva no seu lugar. 154](#)

[Este mes de maio é o mes das flores. 189](#)

[Este olliño pimpilín. 143](#)

[Estraperlo \(O\). 50](#)

[Estreliña do luceiro. 127](#)

[Eu caseime cunha vella. 61](#)

[Eu caseime no Araño. 104](#)

[Eu chorar, chorar, chorei. 112](#)

[Eu de Marín ausenteime. 29](#)

[Eu namorar eu namoreime. 38](#)

[Eu non canto por cantar. 133](#)

[Eu non sei que ten a morena. 33](#)

[Eu non sei que pasou no muíño. 74](#)

[Eu pasei o Portonovo. 68](#)

[Eu pasei por Vilariño. 67](#)

[Eu son Mariñeiro. 55](#)

[Eu xunguín os meus bois. 105](#)

/F/

[Fía na roca. 93](#)

[Fisterra. 107](#)

[Flor dos meus anos \(Na\). 94](#)

[Foliada. 62](#)

[Foliada de Amoeiro. 164](#)

[Foliada de Barro de Arén. 165](#)

[Foliada de Entrimo. 163](#)

[Foliada de Nadela. 120](#)

[Foliada de Olás. 114](#)

[Foliada de Pontevedra. 119](#)

[Foliada de Portonovo. 68](#)

[Foliada de Santiago. 100](#)

[Foliada de Sarela. 108](#)

[Foliada de Tenorio. 169](#)

[Foliada de Vilaxóan. 162](#)

[Foliada do rueiro. 101](#)

[Fun ó muíño con Paula. 129](#)

/G/

[Galiña \(A\) e os pitiños. 113](#)

[Galo \(O\) I. 96](#)

[Galo \(O\) II. 116](#)

[Gato \(O\). 5](#)

/H/

[Hei de ir á túa seitura. 92](#)

[Himno galego. 1](#)

/I/

[Indo prá feira de Ourense. 188](#)

/L/

[Lagarto arnao. 147](#)

[Laíño \(As de\). 66](#)

[Lanchas do xeito \(As\). 78](#)

[Lévame, lévame. 17](#)

[Lonxe da terriña. 196](#)

/M/

[Manoela. 63](#)

[Mar \(O\) anda que desanda. 134](#)

[Marica se vas ó río a lavar. 72](#)

[Marín \(Os de\) - Polo mar abaixo. 25](#)

[Melro \(O\). 174](#)

[Miña burriña \(A\). 81](#)

[Miña nai, miña naiciña. 30](#)

[Miña nai dos traballiños. 186](#)

[Miñas cousas \(As\). 111](#)

[Monterrei está no alto. 124](#)

[Moreniña por morena - Cantinela da Fonsagrada. 37](#)

[Moreno, por ti moreno. 175](#)

[Moza que estás na ventana. 79](#)

[Muiñeira do Santo Amaro. 109](#)

/N/

[Nosa Señora da Guía. 75](#)

/P/

[Palmeira \(A\). 82](#)

[Pandeirada // A Raíz do toxo verde. 36](#)

[Pandeirada de Tella. 168](#)

[Pandeiretada. 59](#)

[Pandeiretada 2. 60](#)

[Pandeiretada de Outes. 104](#)

[Para vir a xunta min. 31](#)

[Paraugas do Xosé \(O\). 10](#)

[Pasei o mar da Marola. 125](#)

[Paxariño. 27](#)

[Pepe reepe, camisa rachada. 155](#)

[Perdín o meu xustillo. 84](#)

[Piollo \(O\) e a pulga querían casar. 159](#)

[Pirimpimpim. 95](#)

[Por debaixo da ponte. 132](#)

[Porque son da Mariña - Desfeita galega. 35](#)

[Pousa, pousa. 4](#)

[Prende salgueiriño. 88](#)

[Puño puñete, que tes por dentro. 139](#)

/Q/

[Quer que lle quer \(O\). 41](#)

/R/

[Rabo de vaca, rabo de besta. 145](#)

[Rebola o pai, rebola a nai. 58](#)

[Rei, rei, cantos anos durarei? 140?](#)

[Rema barqueiro! 103](#)

[Rianxeira \(A\). 11](#)

[Río abaixo \(Polo\). 97](#)

[Rodaballo \(O\). 28](#)

[Romance da Leonesa. 194](#)

[Romance de Don Gaiferos. 45](#)

[Romance do cego andante. 195](#)

[Rufina \(A\) -romance- 53](#)

[Rumboia \(A\). 115](#)

/S/

[San Antón, San Antoniño. 183](#)

[San Sadurniño. 117](#)

[Sancristán de Coimbra \(O\). 16](#)

[Sara, Sariña! 123](#)

[Se che traba un alacrán. 149](#)

[Se chove. 110](#)

[Se chove, deixa chover. 190](#)

[Se queres a boa moza. 122](#)

[Se te casas en Ourense. 42](#)

[Se vas ó convento de Herbón. 182](#)

[Se vas ó San Benitiño. 9](#)

[Sol \(O\) chámase Lourenzo. 153](#)

/T/

[Teño un amor en Rianxo. 19](#)

[Teño unha galiña branca. 151](#)

[Teño unha moza en Padrón. 69](#)

[Terra de Maragatos. 121](#)

[Teus ollos \(Os\). 198](#)

[Toleaches pola peneira. 34](#)

/U/

[Uah, lararala ... 52](#)

[Un adiós Mariquiña. 199](#)

[Un gato e un escribano. 106](#)

[Unha noite na eira do trigo. 200](#)

[Unha noite no muíño. 40](#)

[Unha pega rebordá. 148](#)

[Unha vella de ... 49](#)

[Unha vella no tempo dos mouros. 48](#)

/V/

[Vai de roda en roda. 160](#)

[Vaite lavar, porcona! 77](#)

[Velaí vai. 18](#)

[Ven bailar Carmiña. 7](#)

[Vente ventiño, vento mareiro. 152](#)

[Vento mareiro. 19](#)

[Verdegaio \(O\).172](#)

[Vexo Vigo, vexo Cangas. 57](#)

[Vira vira \(O\). 51](#)

[Vira, vira \(O\). 184](#)

[Virxe da Barca \(A\). 26](#)

/X/

[Xa fun a Marín. 167](#)

[Xa vén o tempo de mazar o liño. 157](#)

[Xoaniña, voa, voa. 142](#)

[Xota de Lourido. 187](#)

1. HIMNO GALEGO:

Que mellor limiar para as cantigas populares galegas que o poema de Eduardo Pondal?

-Historia do Himno na TVG

-Ver versións [aquí](#)

Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio transparente
do prácido luar?

Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

-"Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán".

"Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son,
mais sóo os iñorantes,
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non".

"Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;

pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán

2. A CAROLINA

[-En YouTube](#)

[-No bico un cantar \(TVG\)](#)

A saia da Carolina
ten un lagarto pintado;
cando a Carolina baila,
o lagarto dálle ó rabo.

-Bailaches Carolina?

-Bailei, si señor.

-Dime con quen bailaches.

-Bailei co meu amor (tres veces)

Bailaches Carolina?

Bailei, si señor.

A Carolina é unha tola
que todo o fai ó revés,
vístese pola cabeza
e díspese polos pés.

-Bailaches Carolina?

-Bailei no cuartel.

-Dime con quen bailaches.

Bailei co coronel (tres veces)

Bailaches Carolina?

Bailei, no cuartel.

O señor cura non baila
porque ten unha coroa.
Baile, señor cura, baile,
que Deus todo llo perdoa.

-Bailaches Carolina?

-Bailei, abofé.

-Dime con quen bailaches.

-Bailei co meu Xosé (tres veces)

Bailaches Carolina?

Bailei, abofé.

No curro da Carolina
non entra carro pechado,
namais entra a Carolina
co seu cocho polo rabo.

*-Bailaches Carolina?
-Bailei, si señor.
-Dime con quen bailaches.
-Bailei co meu amor. (tres veces)*

Co teu amor, Carolina,
non volvas a bailar,
porque che levanta a saia
e é moi mala de baixar. BIS

*-Bailaches Carolina?
-Bailei, si señor.
-Dime con quen bailaches.
-Bailei co meu amor.*

Carolina ten un niño
entre as tellas do tellado.
O niño de Carolina
cando chove está mollado.

3. O ANDAR MIUDIÑO

[- En YouTube](#)

*Éche un andar miudiño,
miudiño, miudiño,
miudiño, miudiño, BIS
o que eu traio.*

Que eu traio unha borracheira
de viño, que auga non bebo.

Mira, mira Maruxiña;
mira, mira, como eu veño.

Éche un andar miudiño...

4. POUSA, POUSA

[-En YouTube](#)

-No bico un cantar, na TVG

Fun á taberna do meu compadre,
fun polo vento e vin polo aire:
e como é cousa de encantamento
fun polo aire e vin polo vento. BIS

*E pousa, pousa, pousa,
e non me toques naquela cousa: BIS
e pousa, pousa axiña,
e non me toques naquela cousiña. BIS*

-Murmuraban as miñas veciñas
que eu andaba co crego nas viñas: BIS
eso é verdá, eu non o nego,
que eu andiven a loitas co crego. BIS

ou

Murmuraban as miñas veciñas BIS
que me viran co crego nas viñas,
ese é o deño que o arrenego
nunca me viron nas viñas co crego. BIS

E pousa, pousa..

-Cando me case xa teño un galo,
xa miña nai non me ten que dalo; BIS
cando me case xa teño un polo,
xa miña nai non me ten que dar todo. BIS

E pousa, pousa..

5. O GATO

-Historia da cantiga

-En YouTube

-No bico un cantar, TVG

Xuntáronse catro un día,
os millores deste barrio,
mataron un gato a tiros
e o meteron nun saco.

*Vai o gato metido nun saco,
vai o gato prá terra da Laxe;
vai o gato metido nun saco,
ai, gatiño! xa non volve máis.*

Que mal lles parecería
a calquera deses catro,
que os meteran nun saco
como meteron o gato.

Vai o gato...

Aquel gato era un artista,
traballaba na ribeira,
agora é un bañista
na praia da Castiñeira

Vai o gato...

6. CATRO VELLAS MARIÑEIROS

[-En YouTube](#)

Catro vellos mariñeiros, BIS
todos metidos nun bote.
Boga, boga, mariñeiro,
imos pra Viveiro,
xa se ve San Roque. BIS

Ailalelo ...

Os mariñeiros traballan BIS
de noite coa luz da lúa.
Dá gusto velos chegare
pola mañá cedo
cheirando a frescura. BIS

Ailalelo ...

Levo sardiña e bocarte, (traio sardiña e bocarte)
vendo xurelo pequeno. (tamén xurelo pequeno)
Rapaciña de Viveiro
ven buscar o lote
do teu mariñeiro BIS

Ailalelo ..

7. VEN BAILAR CARMÍÑA

[- En YouTube](#)

*Ven bailar Carmiña, / has bailar comigo
Carmiña, Carmela,
con zapato branco, / con zapato baixo
con media de seda,
con media de seda
de seda calada, / e media calada
ven bailar Carmiña, / has bailar Carmiña
miña namorada.*

Os zapatos piden medias,
as medias piden zapatos,
as raparigas bonitas / as rapaciñas de agora
piden rapaciños guapos.

Ven bailar Carmiña,...

Catro cousas hai no mundo
que revolven o sentido
amar e non ser amado,
querer e non ser querido.

Ven bailar Carmiña,...

Ó son da miña gaitiña
as nenas hei de levar,
e as tontiñas sonche elas
que se deixan enganare.

Ven bailar Carmiña,...

Aí che vai meu corazón,
se o queres matar ben podes,
pero como ti vas dentro
tamén se ti o matas morres.

Ven bailar Carmiña,...

Oliveira ben prantada
sempre parece oliveira,
unha moza ben casada
sempre parece solteira.

Ven bailar Carmiña,...

8. AMORIÑOS COLLÍN

[-YouTube Los Tamara](#)

Amoriños collín
na beiriña do mar,
amoriños collín
non os poido olvidar;
non os poido olvidar
non os poido olvidar,
amoriños collín
na beiriña do mar

Xa me dixo teu pai
que te saque a bailar
e no medio do baile que te deixe quedar,
que te deixe quedar,
que te deixe quedar,
xa me dixo teu pai
que te saque a bailar.

9. SE VAS Ó SAN BENITIÑO

- [En YouTube](#)

Se vas ó San Benitiño BIS
non vaias ó de Paredes,
que hai outro máis milagreiro BIS (*que é moito máis milagreiro*)
San Benitiño de Lérez. BIS

*San Benitiño do ollo redondo
hei de ir alá, miña nai, se non morro
e hei de levar unha bota de viño
e unha bola de pan para o camiño.*

A que lle foron armare,
ó San Benito de Lérez,
a que lle foron armare
que tiña un bo viño mosto BIS
debaixo do seu altare.

San Benitiño...

Santo que estás no canizo
bota as castañas abaixo; (bis)
que anque non teño mantelo,
que anque non teño mantelo
recólloas co refaixo

San Benitiño...

As de Marín e Placeres,
as mociñas de Combarro;
as de Marín e Placeres
van de troula pola ría,
van de troula pola ría
ó San Benito de Lérez

San Benitiño...

Ao ver as flores se aleda
o paxariño do prado,
ao ver as flores se aleda.
Eu con ver a túa cara [BIS]
boto fóra as miñas penas.

San Benitiño...

Que cho teño ben gardado,
heiche de dar o que teño
que cho teño ben gardado,
nena cando foras miña, [BIS]
o caraveliño encarnado.

San Benitiño...

10. O PARAUGAS DO XOSÉ

[-En YouTube](#)

O paraugas do Ghosé
é un paraugas moi malo
si le caen cuatro gotas ...
ya se le humedece el palo.
Y por eso una mulata,
por muy mojada que esté,
non se pondría debaixo...
do paraugas do Ghosé.

E o que é meu é meu e é meu
e o que é meu é meu e é teu
que non quero que andes dicindo,
que tumba que dálle,
que tal que sei eu.

11. A RIANXEIRA

-No bico un cantar: na TVG

-Hoy por hoy, Iñaki Gabilondo, C. SER, A Rianxeira (coa 1ª gravación histórica, etc.), dado a coñecer por GONPE

-Por que cambiou tanto a versión orixinal?

-Historia da cantiga

*Ondiñas veñen,
ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.
Non te embarques rianxeira, (non te vaias rianxeira)
que te vas a marear.*

A Virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira, BIS
descalciña pola area,
parece unha rianxeira. BIS

Ondiñas veñen...

A Virxe de Guadalupe
cando vai para Rianxo, (*cando veu para Rianxo*) BIS
a barquiña que a leva (*a barquiña que a trouxo*)
éche (*era*) de pau de laranxo. BIS

Ondiñas veñen...

A Virxe de Guadalupe
quen a fixo moreniña BIS (*quen te puxo moreniña*)
foi un raíño de sol
que entrou pola ventaniña BIS

Ondiñas veñen...

A Virxe de Guadalupe
érase a miña madriña

carallo pra miña nai
que boa comadre tiña BIS

Ondiñas veñen...

Versión antiga (Cortesía de Manuel Rico Vereá):

A Virxe de Guadalupe
cando vai para Rianxo, BIS
a barquiña que a leva
éche de pau de laranxo. BIS

*Ondiñas veñen,
ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.
Non te embarques rianxeira,
que te vas a marear. BIS*

A [Virxe de Guadalupe](#)
cando vai pola ribeira, BIS
descalciña pola area,
parece unha rianxeira. BIS

Ondiñas veñen...

12. APAGA O CANDIL

-[En YouTube](#)

*Apagha o candil, Marica, chus, chus,
apagha o candil que ten moita lus,
que ten moita lus, moita claridá,
apagha o candil e chéghate alá.*

Pasei pola túa porta e mirei polo ferrollo,
a lara da túa nai meteume un pau por un ollo,
meteume un pau por un ollo, ailalelo, ailalalo.

Apagha o candil...

A túa nai é chiculture,
o teu pai chicultureiro,
a túa nai lambe as cazolas,
o teu pai lambe os pucheiros,
o teu pai lambe os pucheiros,
ailalelo, ailalalo.

Apagha o candil...

Pasei pola túa porta,
pedinche auga e non ma deches; c
ando pases pola miña
farei como ti fixeches.

Apagha o candil...

Chove auga miudiña
e arrolla nos canales;
ábreme a porta, neniña,
que son aquel que ti sabes.

Apagha o candil...

Andivécheste alabando que eu morría por ti
e que morro non é certo pero que che quero si.
ailalelo, ailalalo.

Apagha o candil...

Sempre te andas alabando
de que teu pai é moi rico,
a riqueza de teu pai
lévalla un corvo no bico .

Apagha o candil...

(Repertorio tabernario e outros)

13. CANTIGAS DE PONTEVEDRA

I. [En YouTube A Roda](#)

Pontevedra de corales,
Lugo da coor do aceiro,
Pontevedra de corales,
Ourense de limoeiros,
A Coruña de cristales, BIS

Ai lalalo, ai lalalo.

*Polo mar abaixo vai unha sartén,
vai fritindo peixes, han de saber ben.*

*Han de saber ben, han de saber ben,
polo mar abaixo vai unha sartén.*

Dá de beber a quen pasa,
Pontevedra é boa vila,
dá de beber a quen pasa,
a fonte na Ferrería
San Bartolomeu na Praza,
San Bartolomeu na Praza,

Ai lalalo, ai lalalo.

Polo mar abaixo vai unha sartén...

Ten unha pipa no monte
San Antonio da Caeira,
ten unha pipa no monte.
As mulleres beben viño,
os homes auga da fonte, BIS

Ai lalalo, ai lalalo.

Polo mar abaixo vai unha sartén...

E mulleres con mulleres,
ó bailar homes con homes
e mulleres con mulleres
é como a gaita sen foles
e o tambor sen cordeles.

Ai lalalo, ai lalalo.

Polo mar abaixo vai unha sartén...

II. Versión

Pontevedra é boa vila dá de beber a quen pasa;
a fonte na Ferrería, San Bartolomeu na praza.

Pontevedra É boa vila, vila de moitas señoras
e a Virxe da Peregrina é a mellor entre elas todas.

Vivan os canteiros madre, vivan os de Pontevedra
que fixeron vi-la auga de Vigo pra Redondela.

[-A Roda en YouTube](#)

Aparta, loureiro verde, deixa clarexar a lúa BIS
se non vexo os meus amores, non vexo cousa ningunha. BIS

*Ei veñen, ei veñen, ei veñen, ei van,
sardiñas fresquiñas de pola mañán,
de pola mañán, de pola mañán,
ei veñen, ei veñen, ei van.*

Prende salgueiriño, prende, beira da fonte pequena BIS
tamén meus ollos prenderon no corazón dunha nena BIS

Ei veñen, ei veñen,...

Canta ti, cantarei eu, beira da fonte pequena BIS
Ante quen tivese amores, porque os meus vanse acabando. BIS

Ei veñen, ei veñen

A raíz do toxo prende anque sexa no camiño;
tamén os meus ollos prenden coa forza do cariño.

15. CANTIGAS VARIAS

Nena que vénde-las peras, (2 veces)
cantas che mandaron dar,
para ti, meu queridiño (2 veces) BIS
non mas mandaron contar
ailara...

...

Se mo deches non mo deras,
eu pedir non cho pedín,
déchesllo a quen quixeches,
quéresmo cobrar a min.

...

Non teñas tanta fachenda,
non botes tanto por ela
anque te-la casa grande
pága-la renda por ela.

16. O SANCRISTÁN DE COIMBRA

[-En YouTube Pilocho](#)

O Sancristán de Coímbra
facía de mil diabluras: BIS
mollaba o pan en aceite,
deixaba os santos a escuras BIS

*E bate fado e bate ben,
ti ére-la causa do meu desdén BIS*

O mar tamén ten amores,
o mar tamén ten muller. BIS
Está casado coa area,
Dálle bicos cantos quer. BIS

E bate fado..... BIS

Eu quixera ser merliño
e te-lo bico encarnado BIS
para face-lo meu niño
no teu cabelo dourado. BIS

Tirei unha laranxiña
no medio de Portugal BIS
a quen lle foi a batere?
á filla dun xeneral BIS

Miña nai xa non me deixa
levar o leite a Coimbra BIS
porque dicen os rapaces:
ai, que leiteira máis linda! BIS

E bate fado.... BIS

17. LÉVAME -Muiñeira de Vilagarcía-

[-Versión de A Roda en YouTube](#)

[-No bico un cantar, TVG](#)

Lévame, lévame, lévame,
lévame á beira do mar,
nunha noite prateada,
noite dun craro luar.

*Lévame, lévame, lévame,
lévame á beira do mar,
lévame, meu queridiño: BIS (lévame, meu mariñeiro)
eu tamén quero bailar.
Quero bailar, quero bailar,
quero bailar, quero bailar.*

Onde vas, meu queridiño?
Onde vas, meu caravel?
Vou buscar berberechiños
para darlle ó meu querer BIS
para darlle ó meu amor.
Onde vas, meu queridiño?
Onde vas meu corazón?

*Lévame, lévame, lévame,
lévame á beira do mar,
lévame, meu queridiño: BIS (lévame, meu mariñeiro)
eu tamén quero bailar.
Quero bailar, quero bailar,
quero bailar, quero bailar
en Vilagarcía*

18. VELAÍ VAI

[-En YouTube](#)

Velaí vai, velaí vai, a rapaza polo río,
sen comer e sen beber, toda cheíña de frío,
toda cheíña de frío, toda chea de dolor,
velaí vai, velaí vai, polo río xa pasou.

Á vista de tanta xente.
Chamáchesme moreniña, á vista de tanta xente
e agora vaime quedare moreniña para sempre.
Moreniña para sempre, ailalelo, ailalalo!

Viñeches ás nove e media.
Quedaches de vir ás nove, viñeches ás nove e media,
ti non sabes que é pecado enganar a unha morena,
enganar unha morena, ailalelo, ailalalo!

Eu teño un canciño bonito abofé
que baila a muiñeira na punta do pé,
na punta do pé, erguidas as mans, *(na punta do pé dá un pincho pra
tras)*

eu teño un canciño que baila ao serán (e baila a muiñeira do chascarraschás).

la, la, la, la..

Velaí vai, velaí vai, a

19. TEÑO UN AMOR EN RIANXO (CAMBADOS) // VENTO MAREIRO // AMOR RIANXEIRO

(Cantan [Os Revirados](#), canta [A Roda](#))

Teño un amor en Rianxo (*Cambados*) e outro en Vilagarcía,
para ve-los meus amores, teño que cruza-la Ría,
teño que cruza-la Ría, teño que cruza-la Ría,
teño un amor en Rianxo e outro en Vilagarcía.

*Non lle temas, mariñeiro, ó ventíño do mar,
que co vento mareiro dá mellor navegar.
Se navegas pola ría de Rianxo verás
as estrelas e a lúa darlle bicos ó mar.*

(2ª parte engadida):

Lévalle no teu peteiro, gaivotiña voa, voa,
lévalle no teu peteiro unha cartiña de amores
pró meu amor rianxeiro (3 veces)
gaivotiña voa, voa, lévalle no teu peteiro.

Non lle temas, mariñeiro.....

Vai pola noite a escoitar.
Cando vaias a Rianxo vai pola noite a escoitar
as estrelas e a lúa os biquiños que se dan; (3 veces)
cando vaias a Rianxo vai pola noite a escoitar.

Non lle temas, mariñeiro.....

Collín a dorna en Rianxo
Collín a dorna en Rianxo, fun a Padrón pola Ría,
da terra de Castelao á de Cela e Rosalía,
á de Cela e Rosalía, á de Cela e Rosalía,
collín a dorna e Rianxo, fun a Padrón pola Ría.

Non lle temas, mariñeiro....

20. ARROZ CON CHÍCHAROS // FOLIADA DE BETANZOS

- [En YouTube](#)

O primeiro no amor sonche os bicos,
o segundo beliscos pequenos,
o terceiro ben achegadiños
e ó remate sonche os nenos. BIS

*Arroz con chícharos, patacas novas,
repolos de Betanzos e mais cebolas
e mais cebolas e mais cebolas,
arroz con chícharos, patacas novas.*

Se o teu mozo che pide aquel conto
e por el che fai un xuramento,
non llo deas, nena, non llo deas,
que o xurar lévacho o vento. BIS

Arroz con chícharos, patacas novas...

(Repertorio tabernario)

21. CANTIGA DA CAÑIZA

- [En YouTube](#): Coral Frol Nova

Non te namores, meniña, meniña non te namores
non te namores, meniña, das palabriñas dos homes.

Tres días hai que non como senón bágoas con pan
así son os desenganos que os meus amores me dan.

Dille que suspiro e choro, dille que vivo morrendo,
dille que se compadeza do mal que estou padecendo.

22. ALALÁ DAS MARIÑAS

- [En YouTube: Uxía](#) e [Faustino Santalices](#)

Teño unha casiña branca
na Mariña entre loureiros,

teño cas e teño amores
e estou vivindo no ceo.

Ailalala, ailalala...

Adeus á miña casiña,
portelo do meu quinteiro,
auga da miña fontaña,
sombra do meu laranxeiro

Ailalala, ailalala...

Adeus, estrela brillante
compañeiriña da lúa;
moitas caras teño visto
mais coma a túa ningunha.

Ailalala, ailalala...

23. NOS CANEIROS (Ai, Pepiño adiós // Ai, Sálvora)

- En [YouTube](#)

*Ai Pepiño, adiós, ai Pepiño, adiós,
ai Pepiño, por Dios non te vaias,
non te vaias afogar á praia,
como nos pasou a nós
e havos de pasar a vós.*

Ai Sálvora, ai San Vicente, BIS
as nenas bonitas hainas en Ourense. *(as nenas bonitas hainas en
Mourente)*

Ai Pepiño, adiós, ai Pepiño, adiós,...

Ai Sálvora, ai San Vicente
Ai Sálvora, adiós Mourente
Ai Sálvora, ollos da ría
para boas mozas, en Vilagarcía BIS

Ai Pepiño, adiós, ai Pepiño, adiós,...

Ai Sálvora, vento noroesteiro.
Ai Sálvora, meu compañeiro,
Ai Sálvora, vento ventoso
xa están as rapazas na punta de Aguiño BIS

Ai Pepiño, adiós, ai Pepiño, adiós,...

Ai, Sálvora, ai, San Amaro!
Ai, Sálvora, ai, San Amaro!
Ai, Sálvora, ai, San Amaro!
As nenas bonitas sonche as de Santiago.

24. NA BEIRA DO MAR

- [YouTube: Pili Pampín](#)

Ollos verdes son traidores, BIS
azules son mentireiros,
os negros e acastañados
son firmes e verdadeiros. BIS

*Na beira, na beira, na beira do mar
hai unha lanchiña pra ir a navegar BIS*

Hoxe vinte pasar a ría BIS
cuns zoquiños de madeira,
ías tan remangadiña
ó pasar pola ribeira BIS

*Na beira, na beira, na beira do mar
hai unha lanchiña pra ir a navegar BIS*

Cinco sentidos che temos, BIS
os cinco necesitamos
pero os cinco perdemos
en canto nos namoramos

*Na beira, na beira, na beira do mar
hai unha lanchiña pra ir a navegar BIS*

25. OS DE MARÍN (Polo mar abaixo)

- [YouTube: Los Tamara](#)

Nosa Señora do Carme
que nos dea o vento en popa BIS
que somos os de Marín
e levamos a vela rota BIS

*Polo mar abaixo
vai unha troita de pé
corre que te corre
quen a puidera coller BIS
quen a puidera pillar
Polo mar abaixo
vai unha troita de pé*

26. A VIRXE DA BARCA

I. [YouTube: Ana Kiro](#)

Veño da Virxe da Barca,
da Virxe da Barca veño,
veño de abala-la pedra,
de abala-la pedra veño.

Díxenvos unha mentira,
veño de abala-la pedra,
veño de abala-la grande,
que a pequena abala ela,

Nosa señora da Barca
ten o tellado de pedra,
ben a puidera ter de ouro,
miña Virxe se quixera.

Nosa señora da Barca
ten un teito bo de pedra;
di a campana na volta:
icantas voltas vai dar ela! A miña Virxe da Barca,
para o ano hei de volver
que me quedou a mantilla
no altar por recoller

II. NOSA SEÑORA DA BARCA -

Nosa Señora da Barca,
Nosa Señora valeime
que estou no medio do mare
non hai barqueiro que reme.

Eu fun abala-la pedra,
a pedra fun abalare,
eu fun abala-la pedra
que está no medio do mare.

Santo Cristo de Fisterra,
Santo da barba dourada,
axudaime a remontare
a laxe da Touriñana.

III: **VEÑO DA VIRXE DA BARCA** -

Veño da Virxe da Barca,
da Virxe da Barca veño,
veño de abala-la pedra,
de abala-la pedra veño.

Lalara lalara lalaralala, lalara lalara lalaralá.

Veño da Virxe da Barca
veño de abala-la pedra;
tamén veño de vos ve-lo
Santo Cristo de Fisterra.

Lalara lalara lalaralala...

Nosa Señora da Barca,
para o ano hei de volver
que me quedou a mantilla
no altar por recoller.

Lalara lalara lalaralala...

Nosa Señora da Barca,
non hai santa como ela
que fai que as lanchas da ría
collan o vento na vela.

Lalara lalara lalaralala...

Nosa Señora da Barca
Nosa Señora, valeime!
que estou no medio do mare
non hai barqueiro que reme.

Lalara lalara lalaralala...

27. PAXARIÑO

- En [YouTube](#)

Con piñeiros de arredor,
teño unha casa no monte
con piñeiros de arredor,
unha fonte e un salgueiro,
miña nena,
onde canta o reiseñor.
Unha fonte e un salgueiro,
miña nena
onde canta o reiseñor.
Aquel paxariño
era bonitiño,
da beira do Miño.
- ¿e como lle chaman?
- chámanlle Pepiño.
- que bonito nome
ten o paxariño!

Paxariños que alegres cantades
polas follas dos loureiros
e subides polos ameneiros
a busca-la raiola do sol.
Non sexas tan presumida.
se queres casa-la filla
non sexas tan presumida.
Non te deixes enganar
miña nena,
se queres ser prendida.
non te deixes enganar
miña nena,
se queres ser prendida

28. RODABALLO

[-No bico un cantar](#), TVG

Nunha lancha de Marín
coa proa de carballo, *BIS*
catro rapaces da Pobra
ui, ai, ai
roubaron un rodaballo. *BIS*

*Mala chispa te coma,
mala chispa che dea,
mala chispa te trague,
ai, ai, ié. BIS a estrofa*

O patrón que os mandaba
tamén era de Marín *BIS*
e díxolle ao rodaballo:
 ui, ai, ai
moito miras para min! *BIS*

Mala chispa...

Fórono vender á lonxa
e con moito disimulo *BIS*
e quen o foi a comprar
 ui, ai, ai
a filla do Cachirulo! *BIS*

Mala chispa ...

Aquí se acaba a historia
deste peixe rodaballo *BIS*
que por non haber aceite,
 ui, ai, ai,
houbo que comelo asado. *BIS*

Mala chispa...

29. EU DE MARÍN AUSENTEIME

- Canta [Coro de Oleiros](#)

Eu de Marín ausenteime
moi lonxe fun a vivir, (me fun vivir)
pasei a vida chorando
e suspirando, Marín, por ti *BIS*

Eu non sei cantar,
 eu non sei *reír*,
 sen os airiños da ría,
eu non sei cantar, eu non sei *reír*;
 sen os airiños da ría
eu non sei cantar, eu non sei *reír*. *BIS*

30. MIÑA NAI, MIÑA NAICIÑA

[-En YouTube](#)

Miña nai, miña naiciña, (2 veces)
como a miña non hai ningunha,
que me quentou a cariña (2 veces)
co calorciño da súa.

*Tamén eu choro, tamén eu choro
cando non me alumean, meu ben,
eses teus ollos.
Tamén eu choro, tamén eu choro,
cando non me alumean meu ben,
eses teus ollos.*

Miña nai como é tan pobre
cando non ten que me dar
éncheme a cara de bicos
e despois rompe a chorar.

Tamén eu choro...

Miña nai, miña naiciña,
miña nai do corazón,
moitas nais hai polo mundo,
pero coma a miña non.

Tamén eu choro...

31. PARA VIR A XUNTA MIN

- En [YouTube](#)

*Para vir a xunta min, para vir a xunta min,
vai lava-la cara, vai lava-la cara, galopín!*

Miña nai por me casare, ofreceume canto tiña,
agora que estou casado, pagoume cunha galiña,
pagoume cunha galiña, ailalelo, ailalalo!

*Para vir a xunta min, para vir a xunta min,
vai lava-la cara, vai lava-la cara, galopín!*

Túa nai e mais a miña quedan no río berrando
por culpa dunha galiña, que ten amores cun galo,
que ten amores cun galo, ailalelo, ailalalo.

*Para vir a xunta min, para vir a xunta min,
vai lava-la cara, vai lava-la cara, galopín!*

Eu quería-me casare, miña nai non teño roupa
casa, miña filla, casa, que unha perna tapa a outra.

*Para vir a xunta min, para vir a xunta min,
vai lava-la cara, vai lava-la cara, galopín!*

Eu quería-me casare, miña nai dime que é cedo,
ela como está casada, non sabe as ganas que eu teño.

*Para vir a xunta min, para vir a xunta min,
vai lava-la cara, vai lava-la cara, galopín!*

32. E PRA QUE NON DIGAS - CANTIGA DE MONTEFURADO

[-En YouTube: A Roda](#)

*E pra que non digas que tal e que cal
que foi e non foi, que tal que sei eu,
eu aló non fun, ela aquí non veu,
nin eu llo pedín, nin ela mo deu.*

-Maruxiña, dáme un bico
que che hei de dar un pataco,
-Non quero bicos dos homes
que me cheiran a tabaco.

E pra que non digas...

Maruxiña do forneiro
se coceras faime un bolo,
se mo fas, faimo de millo,
que eu de trigo non cho como.

E pra que non digas...

-Maruxiña, ti é-lo demo,
sempre me andas atentando,
-Foi do couce dunha pulga
que é un mal desesperado.

E pra que non digas...

Maruxiña sempre chora
arrimadiña a un palleiro,
tiña a gaitiña na man
e faltáballe o gaiteiro.

E pra que non digas...

33. EU NON SEI QUE TEN A MORENA

[-YouTube: Campana de Pau e A Roda](#)

*Eu non sei que ten a morena,
eu non sei que a morena ten,
eu non sei que ten a morena,
que xa todos lle queren ben.*

Eu non sei que pasou no muíño,
eu non sei que debeu de pasar,
desde entón Maruxiña está triste,
desde entón non fai máis que chorar.

Eu non sei que ten a morena ...

Fun ó muíño con Paula, BIS
fun ó muíño con ela,
ela durmiu nos meus brazos,
eu durmín nos brazos dela. BIS
ailalelo, ailalalo.

Heicho de dar se mo dás, queridiño,
heicho de dar se mo dás, xa verás,
heicho de dar con dúas cunchiñas,
pra que lle toque-lo chascarraschás.

Heiche de da-lo boi branco e maila vaca marela
e maila filla máis nova pra que te deites con ela,
pra que te deites con ela, ailalelo, ailalalo
e no medio e no medio da ría
ó compás, o compás do cantare
o ventiño que viña de lonxe
íalle á ventana petare
íalle á ventana petare
ailalelo, ailalelo, ailalalo.

Coitadiño do que chora, coitadiño, coitadiño,
cando as penas son grandes non se poden botar fóra,
non se poden botar fóra, ailalelo, ailalelo, ailalalo.
e no medio e no medio da ría
ó compás, o compás do cantare
o ventiño que viña de lonxe
íalle á ventana petare

íalle á ventana petare
ailalelo, ailalelo, ailalalo.

(Repertorio tabernario)

34. TOLEACHES POLA PENEIRA // A VOLTA DA FESTA

[-YouTube: A Roda](#)

Vente vindo BIS
que eu tamén me vou andando,
fixen a cama na folla,
o vento vaima levando BIS
ailalelo, ailalalo.

*Toleaches pola peneira,
toleaches por peneirar,
toleaches por ter amores,
toleaches por te casar.*

O paxaro cando chove BIS
mete o rabo na silveira,
así fan as boas mozas
cando non hai quen as queira BIS
ailalelo, ailalalo.

Toleaches pola peneira...

Ó muíño do meu pai eu ben lle sei o tempero
cando está alto baixalo cando está baixo erguelo.

*Rabiaches pola peneira, rabiaches por peneirar,
rabiaches por ter amores, rabiaches por te casar.*

Unha nena nunha fonte por unha verza bebía,
a verza estaba rachada toda a auga lle vertía.

*Rabiaches pola peneira, rabiaches por peneirar,
rabiaches por ter amores, rabiaches por te casar.*

Maruxiña, Maruxiña xa vai boa que te espero;
cando queiras enfornar tamén ha de ser se eu quero.

*Toleaches pola peneira, toleaches por peneirar,
toleaches por ter amores, toleaches por te casar.*

Miña cuñadiña nova meu irmán éche pequeno,
se queres que medre logo, levaraslle o almorzo cedo.

*Toleaches pola peneira, toleaches por peneirar,
toleaches por ter amores, toleaches por te casar.*

Mala feira fixo Rosa por facer non fixo nada,
de solteira roupa nova de casada remendada.

*Toleaches pola peneira, toleaches por peneirar,
toleaches por ter amores, toleaches por te casar.*

Do queixo non che me queixo, que o queixo ben che me sabe
quéixome de quen mo vende, que non che mo dá de balde.

*Toleaches pola peneira, toleaches por peneirar,
toleaches por ter amores, toleaches por te casar.*

35. PORQUE SON DA MARIÑA // DESFEITA GALEGA

[-YouTube: A Roda](#)

Que ben fixeron teus pais en facerte costureira,
cando chove non te mollas, BIS
cando vai sol non te queimas.

Teño unha morena alá en Viascón,
teño outra na Pobra e outra en Marcón,
e outra en Marcón, e outra en Marcón,
teño unha morena alá en Viascón.

Non te cases cun ferreiro que é moi malo de lavar, BIS
cásate cun mariñeiro que vén lavado do mar,
que vén lavado do mar, ailelelo, ailalalo.

*Porque son da Mariña son mariñán
e o fungueiro do carro lévoa na man,
levo na man morena, levo na man,
porque son da Mariña son mariñán.*

Co aro dunha peneira miña nai deume unha tunda,
co aro dunha peneira, miña nai teña vergonza,
que vén a xente da feira, que vén a xente da feira
ailalelo, ailalalo.

Porque son da Mariña son mariñán ...

Chamáchesme pouca roupa, [BIS]
se tes moita teu proveito, menos teño que tirar-e
de noite cando me deito. [BIS]
Ailaleloo ailalalo

Porque son da Mariña son mariñán ...

Miña nai matou un merlo [BIS]
e meu pai unha paxara.
Alegría meu irmán
que esta noite hai paxarada. [BIS]
Ailalelo ailalaloo

36. PANDEIRADA // A RAÍZ DO TOXO VERDE

- En YouTube: [A Roda](#)

A raíz do toxo verde, (2 veces)
é moi mala de arrincare,
os amoriños primeiros, (2 veces)
son moi malos de olvidare.

*Ailará, ailaralá,
escomencemos a pandeirada
escomencemos o baile xa!*

Unha vella díxolle a outra (2 veces)
polo burato da porta:
ti governa a túa vida (2 veces)
que a miña nada che importa.

Ailará, ailaralá...

A miña muller morreume (2 veces)
e enterreina no palleiro,
deixeille un brazo fóra (2 veces)
pra que tocara o pandeiro.

Ailará, ailaralá...

Miña nai e maila túa (2 veces)
quedan no río berrando
por culpa dunha galiña (2 veces)
que ten amores cun galo.

Ailará, ailaralá...

37. MORENIÑA POR MORENA // EU TEÑO UN CANCIÑO // CANTINELA DA FONSAGRADA

[-En YouTube](#)

[-Versión de Malvela: Eu teño un canciño](#)

Moreniña por morena BIS
téñoche o ollo botado,
has de ser miña mullere
ou non hei de ser casado BIS
Ailalelo, ai...

*Eu teño un canciño bonito abofé
que baila a muiñeira na punta do pé,
na punta do pé dá un pincho pra tras
e baila a muiñeira do chascarraschás*

Miña sogra cando roña BIS
ponse no medio da casa
ela di que voume, voume
e de marchar nunca se acaba, BIS
ailalelo, ai...

Eu teño un canciño bonito...

Ten coidado Maruxiña, BIS
cando te vaias pra a cama,
non che vaia vi-lo trasno
e che faga unha trasnada, BIS
ailalelo, ai...

Eu teño un canciño bonito...

Unha pera, dúas peras,
non tiña máis a pereira,
unha pera fixo o xastre
á conta da costureira.

Eu teño un canciño bonito...

Nós aquí e vós de aí, BIS
somos tantos coma vós,
nós comemos o carneiro
e os cornos son para vós. BIS

Eu teño un canciño bonito ...

(Repertorio tabernario)

38. EU NAMORAR EU NAMOREIME

-[Canta Suso Vaamonde](#)

*Eu namorar, eu namorar, eu namoreime,
eu namoreime na beira do mar,
enguedellar, enguedellar, enguedelleime,
enguedelleime na beira do mar.*

*Eu namoreime dunha rapaciña,
xa non me puiden desenamorar.*

Eu namorar...

*Enguedelleime dunha rapaciña,
xa non me puiden desenguedellar.*

Eu namorar...

39. ÁRDELLE O EIXO

*Non me toques no refaixo BIS
e se me queres tocare
méteme a man por debaixo BIS
ailalelo, ailalalo.*

*Árdelle o eixo, árdelle o carro,
árdelle o eixo, hai que mollalo,
hai que mollalo, hai que mollalo
árdelle o eixo, árdelle o carro.
árdelle o eixo, árdelle a buxa
móllao no río pra que non fuxa,
pra que non fuxa, pra que non fuxa
árdelle o eixo, árdelle a buxa.*

*Como te colla no prado
como te collín máis veces
heiche de meter no corpo
herba para nove meses,
ailalelo, ailalalo.*

Árdelle o eixo, árdelle o carro ...

Ai se queres que o carro cante,
ai móllalle o eixo no río
e despois do eixo mollado,
ai canta coma un asubío,
ailalelo, ailalalo .

Árdelle o eixo, árdelle o carro ...

Ai para cuñas pau de toxo,
ai para eixo do carballo,
ai para contenta-las nenas,
ai a cabezalla do carro
ailalelo, ailalalo.

Árdelle o eixo, árdelle o carro ...

Ai o río cando vai cheo,
ai leva carballos e follas,
ai tamén podía levare,
ai as linguas marmuradoras,
ailalelo, ailalalo.

Árdelle o eixo, árdelle o carro ...

40. UNHA NOITE NO MUIÑO

[-En YouTube](#)

Unha noite no muíño, unha noite non é nada
unha semaniña enteira, esa si que é muiñada.

Deus cho pague churrusqueira,
téñocho que agradecer,
cando vou ao teu muíño
sempre me deixas moer. BIS
Deus cho pague churrusqueira

Túa nai por me casar, teu pai por me dar o dote
armaron unha porfía, rompéronlle os pés ó pote

ou

Unha noite no muíño, unha noite non é nada,
unha semaniña enteira esa si que é muiñada.

Unha noite fun ó muíño, nin moín nin muiñei;
perdín a cinta do pelo iso foi o que gañei.

Ó muíño de meu pai ben lle sei o seu tempero;
cando está alto, baixalo cando está baixo, erguelo

41. O QUER QUE LLE QUER

- [En YouTube: Fía na Roca](#)

Carmiña, Xan, Culás, Marica, Bras!
correde xa pra acó e xuntiños a muiñeiriña
todos bailemos sen perder o son.

A vella de Andrés vina certa ves
camiño de Esteiro co dengue ao revés
e dando traspés cas sapo traseiro.

Xesús entrei na súa casa
Xesús que cousiñas ten,
o pote cheiraba a cebola rustrida,
na miña vida unha cousa tal vin.

E quer que lle quer (3 veces)
que lle fagan a cama,
e quer que lle quer (3 veces)
que lla fagan ben baixa.

Xesús, que diaño de vella,
Xesús, que cousiñas ten,
e quer que lle quer que lle fagan a cama
e quer que lle quer se deiten con ela tamén.

E quer que lle quer (3 veces)
que lle ricen o pelo,
e quer que lle quer (3 veces)
que lle metan relleno.

Xesús, que diaño de vella,
Xesús, que cousiñas ten,
e quer que lle quer que lle ricen o pelo
e quer que lle quer que lle laven as pernas tamén.

(Escolma de cantigas)

42. SE TE CASAS EN OURENSE

[-En YouTube](#)

Se te casas en Ourense pídelle a proba primeiro BIS
da cacheiriña do porco e o bon viño do Ribeiro BIS

*Se vas ó Ribeiro, ó Ribeiro de Avia,
se vas ó Ribeiro, vai por Ribadavia,
vai por Ribadavia, ven por Ventosela,
que hai unha neniña que dá xenio vela,
que dá xenio vela, dá noxo mirala,
se vas ó Ribeiro vai por Ribadavia.*

Se me queres por amigo, dáme viño do Ribeiro,
pantrigo de Ribadavia, nenas do Chan de Amoeiro.

Se vas ó Ribeiro, ó Ribeiro de Avia,

Agora xa non se leva pedirilles as fillas aos pais;) [BIS]
entrar pola porta adentro: Meu sogro, que tal lle vai? [BIS]

Se vas ó Ribeiro, ó Ribeiro de Avia,

Eu caseime no Ribeiro pola fama do bo viño) [BIS]
e o lacazán do meu sogro soio tiña un pipotiño.) [BIS]

Se vas ó Ribeiro, ó Ribeiro de Avia,

Eu caseime por un ano por ve-la vida que era; [BIS]
o ano xa vai pasando solteiriño quen me dera. [BIS]

Se vas ó Ribeiro, ó Ribeiro de Avia,

43. CAMARIÑAS

[-En YouTube: Luz Casal e Luar na Lubre](#)

[-No bico un cantar](#) (TVG)

Ó pasar por Camariñas, por Camariñas pasei cantando.
As nenas de Camariñas quedan no río, quedan no río lavando.

Camariñas, Camariñas, ai que xa me vas camariñando.
Por unha de Camariñas vivo no mundo, vivo penando.

Miña Virxiña do Monte, que ós mariñeiros sempre vixilas!
Non permitades que morra lonxe da terra, da terra miña!

44. CARBALLEIRA DE SAN XUSTO

- [Coro Cantigas da Terra en YouTube](#)

Carballeira de San Xusto, Carballeira derramada (enramada),
naquela carballeiriña, perdín a miña navalla.

Perdín a miña navalla, máis valera non perdela,
fíxenme de alí veciño e casei con Rafaela.

Carballeira de Tenorio, heina de mandar cortare
cando vou pra Pontevedra, non deixa ve-lo mare.

Unha nena me pediu Zapatos de chocolate,
cunhas fibelas de azucre; Mire usté que disparate!

Aldeíña de Baldaio, aldea de poucos homes,
e aqueles poucos que quedan chámanlles remendafoles.

Se soubera que ti viñas, como de certo viñeches,
mandaba alfombra-la rúa cun ramiño de alciPRESTE.

45. ROMANCE DE DON GAIFEROS

- [Historia do romance](#) (non é cantiga popular)

- [En YouTube Faustino Santalices](#)

I onde vai aquil romeiro, meu romeiro a donde irá,
camiño de Compostela, non sei se alí chegará.
Os pés leva cheos de sangue, xa non pode máis andar,
malpocado, probe vello, non sei se alí chegará.
Ten longas e brancas barbas, ollos de doce mirar,
ollos gazos leonados, verdes como a auga do mar.

*-I onde ides meu romeiro, onde queredes chegar?
-Camiño de Compostela donde teño o meu fogar.
-Compostela é miña terra, deixei na sete anos hai,
relucinte en sete soles, brillante como un altar.
-Cóllase a min meu velliño, vamos xuntos camiñar,
eu son trobeiro das trobas da Virxe de Bonaval.*

*-I eu chámome don Gaiferos, Gaiferos de Mormaltán,
se agora non teño forzas, meu Santiago mas dará.*

Chegaron a Compostela, foron á Catedral,
Ai, desta maneira falou Gaiferos de Mormaltán:

*-Gracias meu señor Santiago, aos vosos pés me tes xa,
si queres tirarme a vida, pódese señor tirar,
porque morrerei contento nesta santa Catedral.*

E o vello das brancas barbas caíu tendido no chan,
Pechou os seus ollos verdes, verdes como a auga do mar.
O bispo que esto oíu, alí o mandou enterrar
E así morreu señores, Gaiferos de Mormaltán.

Iste é un dos moito miragres que Santiago Apóstol fai.

46. A COSTUREIRA

I.

[-YouTube: Fuxan os Ventos](#)

-Costureiriña bonita,
onde tes os teus vestidos?
-Téñoos na hucha gardados,
ai si, ai non,
para poñer os domingos.

-Costureiriña bonita,
dime onde tes a cama.
-No poleiro das galiñas,
ai si, ai non,
nunha presiña de pallas.

-Costureiriña bonita,
dime onde tes o niño.
-Nun carballo da Illana,
ai si, ai non,
no máis alto ramalliño.

-Costureiriña bonita,
onde gardas os melindres?
-Téñoos na hucha gardados,
ai si, ai non,
para comer os domingos.

O amor da costureiriña
era papel e mollouse
e agora, costureiriña,
ai si, ai non,
o teu amor acabouse.

II.

Costureiriña bonita dáme das túas agullas;
eu che darei alfinetes para prende-las costuras.

O amor da costureira era papel e mollouse,
agora, costureiriña, o teu amor acabouse.

Costureiriña bonita, onde te-la túa cama?
No poleiro das galiñas, nunha presiña de pallas.

Costureiriña bonita que a palacio foi coser;
no primeiro corredore xa lle deron que facer.

47. AS PACHOCAS

[-En YouTube](#)

Que ben cantan que ben bailan aquelas catro pachocas, BIS
que ben cantan, que ben bailan, que ben menean as zocas. BIS
Aqueles que andan no baile ambos me parecen ben BIS
Ela parece unha rosa e el parece un carabel. BIS
Eu pedinllo a unha nena no porteliño do prado BIS
respondeume a picarona que estaba o campo mollado. BIS
Aquel páxaro non canta, seica non ten alegría BIS
non se fai cousa de noite que non se saiba de día. BIS

Vamos ruando meniña e vamos ruando a eito BIS
xa que levámo-la sona levarémo-lo proveito. BIS
Chégate aquí miña prima, ti nunha terra e eu noutra BIS
pra axudáresme a cantare a miña fortuna é pouca BIS

48. UNHA VELLA NO TEMPO DOS MOUROS

Unha vella no tempo dos mouros
fixo do cu unha praza de touros
e fixo ben, e fixo ben
no cu da vella non manda ninguén.

ou

Unha vella no tempo dos mouros
fixo da cona una praza de touros
e fixo ben, e fixo ben
na cona da vella non manda ninguén.

Variantes:

Unha vella por falta dun macho
meteu pola cona un mango dun sacho
e fixo ben, e fixo ben
na cona da vella non manda ninguén.

Unha vella no tempo dos celtas
fixo das tetas dúas metralletas
e fixo ben, e fixo ben
nas tetas da vella non manda ninguén.

Unha vella nos tempos de antes
fixo da cona un par de tirantes
e fixo ben, e fixo ben
na cona da vella non manda ninguén.

Unha vella nos tempos de agora
meteu polo cu unha rebarbadora
e fixo ben, e fixo ben
no cu da vella non manda ninguén.

Unha vella nos tempos de agora
fixo da cona unha lavadora
e fixo ben, e fixo ben
na cona da vella non manda ninguén.

49. UNHA VELLA DE ...

Unha vella de Nighrán
díxolle a unha de Perillo:
fagho eu máis cartos ca cona
que o Ferreiro co martillo

E funga, e funga, e funga
e fúngalle o carallo
e fúngalle o carallo
e o carallo funga e funga

Unha vella de Perillo
díxolle a unha de Nighrán:
teño eu máis callos na cona
que o Ferreiro ten nas mans

E funga.....

(Cortesía de José Manuel A.)

50. O ESTRAPERLO (Cantada por *Fuxan os Ventos*)

[-En YouTube](#)

Que levas en esa saia
que tanto valor lle dás?
Levo garavanzos e fabas
para ir estraperlar.

Con isto do estraperlo,
con isto de estraperlar;
con isto do estraperlo,
nin Deus quere traballar.

Que levas nesas alforxas,
que tanto valor lle dás?
Levo café e azúcar
da raia de Portugal.

51. VIRA VIRA (Cantada por *Fuxan os Ventos*)

[-En YouTube](#)

Veño da terra do ouro,
veño da terra dourada,
veño da terra dos homes
pero non veño casada.

Adiós, rapaciña, adiós;
eu para ti xa non era,
aunque máis altos navíos
navegan con menos vela.

E vira, e vira
se non viro eu;
teu pai é meu sogro,
teu amor son eu.

Eu caseime por un ano
por saber que vida era;
agora o ano acabouse,
solteiriña quen me dera!

Dices que te vas, te vas,
xa te puidiches ter ido;
se te foras hai un ano,
xa me tiñas esquecido.
(*Cantada por Fuxan os Ventos*)

52. UAH, LARARALALA ...

- [Cantada por Suso Vaamonde](#)

Viva a Cruña, viva Lugo, viva Ourense e Pontevedra BIS
e que vaian pró carallo os ladrós da nosa terra BIS

Uah, larara..

Este pandeiro que toco por moito que repenique BIS
non teñas medo que rache que é de coiro de cacique BIS

Uah, larara..

Para peixe fresco Vigo, para chocos Redondela BIS
para camaróns Moaña, pra caciques Pontevedra BIS

53. ROMANCE DA RUFINA

- [Cantada e recollida por Fuxan os Ventos](#)

-Ai, Rufina hermosa, e ti qué fas eí?
-*Tou gardando o gado; ben mo ves aquí*
-Ai, Rufina hermosa, e ti gárda-lo gado
-*Xa Dios me criouhe pra iste traballo*
-Ai, Rufina hermosa, e queres vir conmigo,
nises montes soia correche pelighro
-*Ai, Xesús divino! quen tal me desea,*
querer que se perda a facenda allea
-Non che digo eso, nin tal como eso,
dígoche que veñas a toma-lo fresco
-*A toma-lo fresco non vou, nin ireie,*
vou gardar o gado, que o perdereie
-O gado, Rufina, non che dea cuidado;
que se ti o perdes, eu irei buscalo
-*Ai, Xesús divino! seica ves oufano,*
con mangas de seda gardar o meu gado
-Mangas e vestidos teño de rompere,

Rufiniña hermosa por che dar pracer
-Vaite daí, humano, non me deas pena,
que ha de vir meu amo tragnerme a merenda
-E se vén teu amo, en que te ocupaches,
veu un trobón de augha, ti que te abrichaches
-Sei contar verdade, eu mentir non seie,
vou gardar o gado, que o perdereie
-O que estás de bravo e de impertinente,
homes non son lobos que coman a xente
-E se estou de bravo, fago moito benhe,
que se estou de bravo, todo me convenhe
-Todo che convenhe, dígoche eu que nonhe,
linda, me has de tere no teu corazón
-Vaite de aí, majo, non me deas tormento,
non te poido tere no meu pensamento
-Xúroche, Rufina, á fe de quen sonhe
que ti es miña irmá, i eu teu irmau sonhe,
-Se ti es meu irmau, e eu túa irmá sonhe,
de canto che dixen, pídoche perdonhe
-Pídeme perdón; estache perdoado,
dáme a túa mau e ponte de acabalo

Xentiña de Fuga, garde o meu gado
que aí vai a Rufina co seu namorado

54. AI MARUXIÑA!

- [Cantada por Malvela](#): YouTube

*Eu querer quéroche ben, eu téñoche admiración
quero casarme contigo, non mo quita o corazón,
non mo quita o corazón, non mo quita o corazón,
eu querer quéroche ben, eu téñoche admiración.*

Ai Maruxiña, eu ben cho dicía,
que o andar de noite é unha tolería,
é unha tolería, é unha tolería,
ai Maruxiña, eu ben cho dicía.

Eu querer quéroche ben, ...

Ai Maruxiña, non é nada malo
darlle un biquiño a un namorado,
a un namorado, a un namorado,
Ai Maruxiña, non é nada malo.

Eu querer quéroche ben, ...

Ai Maruxiña, detrás dun valado,
dáme un biquiño que non é pecado,
que non é pecado, que non é pecado,
ai Maruxiña, detrás dun valado.

Eu querer quéroche ben, ...

Ai Maruxiña, detrás dun codeso,
dáme un biquiño que eu ben cho merezo,
que eu ben cho merezo que eu ben cho merezo,
ai, Maruxiña, detrás dun codeso.

Eu querer quéroche ben, ...

(Repertorio tabernario)

55. EU SON MARIÑEIRO // FOLIADA MARIÑEIRA

- [Cantado polo Xestal](#) e polo [Orfeón Mariñeiro do Berbés](#)

Dous amores no meu peito viven para o meu pensare
o da mociña que quero i o do traballo no mare,
i o do traballo no mare, ai lalelo, ai lalala.

*Eu son mariñeiro da beira do mar
teño unha lanchiña pra ir navegar,
pra ir navegar, pra ir navegar,
eu son mariñeiro da beira do mar.*

Pra ser un bon mariñeiro tres condicións hai que tere,
coñece-lo mar i os barcos e non ter medo a morrere,
non ter medo a morrere, ai lalelo, ai lalala.

Eu son mariñeiro da beira ...

Ai polo aire a gaivota, ai polo mare a gavela,
meu corazón namorado, vai onda ti, miña nena,
vai onda ti, miña nena, ai lalelo, ai lalala.

Eu son mariñeiro da beira ...

Arrimadiña a unha pena [BIS]
púxenme a considerar-e
os traballiños que pasa

o mariñeiro no mar-e. [BIS]
Ai lalelo ai lalalo

Eu son mariñeiro da beira ...

Fun dende Vigo a Moaña [BIS]
remando nunha lanchiña,
vin pasar o berberecho
detrás da berberechiña. [BIS]
Ai lalelo ai lalalo

Eu son mariñeiro da beira ...

Dous amores no meu peito [BIS]
viven para o meu pensar-e:
o da mociña que quero
e o do traballo no mar-e. [BIS]
Ai lalelo ai lalalo

Eu son mariñeiro da beira ...

A vida de mariñeiro [BIS]
é triste a máis non poder-e:
en busca do peixe sae
sen saber se ha de volver-e. [BIS]
Ai lalelo ai lalalo

56. ARREPIPIÍ

[Versión de Petapouco no YouTube](#)

*Arrepipí, arrepipí, iso si que é gosare,
o metere e o sacare (cartos na Caixa de Aforros).*

Pola parte de Castilla ... fan as casiñas de barro
mais cando chove un pouquiño por alí
mais cando chove un pouquiño van as casas (ó carallo).

Arrepipí, arrepipí,...
Hoxe é un día de festa para min, dunha alegría toda,
pois acaban de dicirme por aí, pois acaban de dicirme
que se casa, que se casa a miña sogra.

Arrepipí, arrepipí, ...

Esta noite hei de ir alí, hai de ir aló,

neniña non teñas medo, déixame a porta trancada,
déixama, déixame a porta trancada cunha palla,
cunha palla de centeo.

Arrepipí, arrepipí, ...

57. VEXO VIGO, VEXO CANGAS

[Versión da SC Polifónica de Pontevedra e Rayda Lusquiños en YouTube](#)

Vexo Vigo, vexo Cangas, tamén vexo Redondela,
vexo a Ponde de Sampaio, camiño de Pontevedra

Vexo Vigo, vexo Cangas, tamén vexo Redondela,
vexo a Ponde de Sampaio, camiño da miña terra.

58. REBOLA O PAI, REBOLA A NAI

[-Petapouco en YouTube](#)

Unha vella e mais un vello quixeron ir ver o mare
e cando o tiveron diante puxéronse a rebolare,
rebola o pai, rebola a nai, rebola a filla,
eu tamén son da familia, tamén quero rebolar;
rebola o pai, rebola a nai, rebola a filla,
eu tamén son da familia, tamén quero rebolar

As cotillas do meu pobo, as máis bravas do lugare
cando se dan con mociños, todas queren rebolar
rebola o pai, rebola a nai, rebola a filla,
eu tamén son da familia, tamén quero rebolar;
rebola o pai, rebola a nai, rebola a filla,
eu tamén son da familia, tamén quero rebolar

E xa que me preguntas que é eso de rebolare,
ti cala que xa me entendes e non me fagas falare

59. PANDEIRETADA

[- Cantada pola Quenlla en YouTube](#)

E anda Manuel á ruada e anda Manuel á ruada

despois non vaias dicindo que non fan a foliada BIS
e aviva a gaita Pedriño que vai algo amortuxada
que as rapaciñas da Ulla quérena máis afinada BIS

Moito me doe a cabeza, moito me doe o pescozo
de mirar para o portelo por saber se vén meu mozo
ai lalelo, ai lalelo, ai lalelo, ai lalala.

E o que non canta nin baila, que vén facer á ruada?
aprender catro mentiras pra contar pola somana BIS

E hoxe eiquí non hai cirolas, e hoxe eiquí non hai cirolas,
que polo que me parece bailan as mulleres solas,
ai lalelo, ai lalelo, ai lalelo, ai lalala.

E ó cura de Santo Estevo morreulle a besta rabela,
tódolos que aquí non canten leven o camiño dela

60. PANDEIRETADA 2

Un vello e mais unha vella, ai, fixeron unha trasnada BIS
empezaron a brincare, ai, e quedaron na estacada BIS

*Os vellos non valen pra certos traballos,
o demo os atenta meterse en fregados,
meterse en fregados mellor lles sería
cun prato de papas quente-la barriga.*

Dúas vellas garuleiras, ai, andaban buscando home BIS
e dicíalle unha á outra: ai, xa escampará se non chove BIS

Os vellos non valen ...

Miña sogra ó peneirare, ai, todo o corpo sarandea, BIS
rabea por ter un home, ai, está caendo de vella BIS

Os vellos non valen ...

Eu caseime cunha vella, ai, sei que o demo me atentou
alá pola media noite, ai, na cama se esforricou

(Escolma de cantigas)

61. EU CASEIME CUNHA VELLA

Eu caseime cunha vella, ai, seica o demo me atentou, BIS
alá pola media noite, ai, na cama se esfurricou. BIS

Eu caseime cunha vella porque tiña o coiro duro, BIS
e os condenados dos ratos furáronlleme o bandullo. BIS

Unha vella fixo papas e o pote botoullas fóra, BIS
hai un ano que foi iso e aínda hoxe a vella chora. BIS

Agora xa non se usa matar as pulgas coa uña, BIS
métense nunha burata e dáselles cunha cuña. BIS

Eu caseime cunha vella por causa da pillarada BIS
e vai o demo da vella, trouxo dez nunha niñada. BIS

62. FOLIADA

- [Cantada pola Quenlla en YouTube](#)

Amores non máis de un e aquel é ben estimado,
nin cabalo de alta silla, nin silla de alto cabalo,
nin silla de alto cabalo, ai lalelo, ai lalalo.

Aquela que vai alí, a do andar miudiño,
quen me dera ir con ela, pra lle ensina-lo camiño,
pra lle ensina-lo camiño, ai lalelo, ai lalalo.

Cantan os galos, é día, meu amor érguete e vai,
como me hei de ir, queridiña, se non te podo deixar,
se non te podo deixar, ai lalelo, ai lalalo.

Canta, meu corazón, canta, non te cubras de tristura,
que un pano de fina tenda unha mancha disimula,
unha mancha disimula, ai lalelo, ai lalalo.

63. MANOELA

Cantada pola Roda

A Manuela ten a culpa de que se quede sen forzas,
de día a cavar no monte, de noite a fregar na louza,
as cousas que hai que facer por mante-lo matrimonio,
a Manuela dille sempre: non fales de máis, Gregorio;
e manda carallo, que aguante ten, de día e de noite a face-lo ben,

*se non ti xa sabes o que lle ten que face-la Manuela.
E manda carallo que aguante tes, comendo co porco e coa muller,
xa sabes Gregorio o que lle tes que facer a Manuela.*

Cando lle visita a Pepa, a filla da fariñeira,
marchan sempre pró pallar e bota a man á perneira,
pero a Manuela xa sabe que a filla da fariñeira
é coxa e lle falta un dente e con eso vai calqueira
e manda carallo, ...

Cando se casou con ela, tiña unha casa e dous porcos,
ela tiña moitos cartos, tamén un can que era chosco,
señor cura, por favor, os ten que divorciar,
non creo que aguante moito pois o quere escarallar,
e manda carallo, ...

64. DONDE VÉS, MARÍA?

- Canta [Flor do toxo](#)

Maruxa se vas á herba, Maruxa non sexas tola,
mira que fai moito vento e lévache a herba toda,
e lévache a herba toda, ailalelo, ailalelo.

*Donde vés, María, donde vés, María, veño da verdura,
que rico repolo ten o señor cura, ten o señor cura,
ten o señor cura debaixo da saia, donde vés, María, veño da ferraia.*

Teño unha herba na horta que rebenta polo pé,
tamén a túa rebenta porque di o que non é,
porque di o que non é, alalelo, ailalelo.

*Donde vés, María, donde vés, María, veño da verdura,
que rico repolo ten o señor cura, ten o señor cura,
ten o señor cura debaixo da saia, donde vés, María, veño da ferraia.*

65. A DORNA / A DORNIÑA

- [Cantada pola Roda](#)

Meu pai deixoume a dorniña, miña nai deixoume o mare, BIS
non tiña máis que deixarme nin eu teño máis que dare BIS

*Non che teño, rapaza, outra cousa que dar
máis que o peixe fresquiño que eu che traio do mar,
que eu che traio do mar, que eu che traio do mar,
non che teño, rapaza, outra cousa que dar.*

Teño unha lanchiña en Cangas que lle chaman a Manuela BIS
en toda a ría de Vigo non hai lancha coma ela BIS

Non che teño, rapaza, ...

San Hadrián é barqueiro, barqueiro é San Hadrián BIS
San Hadrián é barqueiro, que leva o trevo na man, BIS

Non che teño, rapaza, ...

Teño lanchas, teño redes, teño sardiñas no mar,
teño unha nena bonita, xa non quero traballar,
xa non quero traballar, xa non quero traballar,
teño lanchas, teño redes, teño sardiñas no mar.

66. AS DE LAÍÑO

- [Cantada pola Roda en YouTube](#)

Elas eran de Laíño, elas de Laíño son, BIS
collen o xunco na Braña, van vendelo a Padrón, BIS
aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelalo.

Como chove miudiño, como miudiño chove, BIS
pola banda de Laíño, pola banda de Lestrove, BIS
aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelalo.

Pasei pola túa porta, pedín auga e non ma deches, BIS
vállame Deus, queridiña, que soberba te fixeches, BIS
aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelalo.

Sempre estás voume que voume, xa te pudeches ter ido, BIS
se te foras hai un ano xa me tiñas esquecido, BIS
aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelalo.

Se chove deixa chover, se orballa deixa orballar BIS
que eu ben sei dun abriguiño onde me hei de ir abrigar. BIS
aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelalo.

67. EU PASEI POR VILARIÑO

- Cantada pola *Roda*

[-Coro Cantabile en YouTube](#)

Eu pasei por Vilariño, por Vilariño cantando, ailá, ailá,
as mozas de Vilariño quedan no río berrando, aihelelo, aihelelo,
aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelelo, ailá.

Nena que estás na ventana coas puntas do pano fóra, ailá, ailá,
recólleas para dentro que o pano non enamora, aihelelo, aihelelo,
aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelelo, ailá.

Condenado de paxaro onde foi face-lo niño, ailá, ailá,
nunha gavela de toxos do Simón de Vilariño, aihelelo, aihelelo,
aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelelo, aihelelo, ailá.

68. EU PASEI O PORTONOVO / FOLIADA DE PORTONOVO

- [Cantada pola Roda en YouTube](#)

Eu pasei o Portonovo cunha lanchiña motora, BIS
fun solteiro e vin casado, meu ben, mais valera que non fora BIS

*Rapaciña se vas á beiriña do mar, non te fíes do vento mareiro
que a lanchiña que vai pola ría pescar co ventíño pode naufragar BIS*

O crego vendeu a burra por non lle da-la cebada, BIS
agora vai ós enterros, meu ben, dacabalo da criada BIS

Rapaciña se vas á beiriña do mar ...

Se queres que brille a lúa pecha os ollos, meu amore, BIS
que mentres os tes abertos, meu ben, a lúa pensa que hai sole BIS

Rapaciña se vas á beiriña do mar ...

69. TEÑO UNHA MOZA EN PADRÓN

- Cantada pola *Roda*

Teño unha moza en Padrón e tamén é pementeira,
cando vou vela de noite, ailailala, ládrame o can desde a eira.

Chegaron as pementeiros, hai alegría na praza,
vou ver se chegou con elas, ailailala, tamén a miña rapaza.

Heiche de roubar un bico, mira que cho hei de roubar,
ó carón da túa porta, ailailala, sen que me vexa o teu pai.

(Escolma de cantigas)

70. ERA O VIÑO

- [Cantada polos Saraivas \(YouTube\)](#)

O viño branco é meu primo, e o tinto é meu parente,
non hai sitio no meu corpo onde meu primo non entre.

*Era o viño, miña nai, era o viño, era a cousa que eu máis desexaba,
somos morte, miña nai, somos morte, somos morte meu primo
deixaba.*

O meu curmán augardente pelexábase co leite,
meu albariño dourado, meu compañeiro de sempre.

Era o viño, miña nai ...

Coidado, bo guerrilleiro, contra a tristura tirana,
o meu amor do Ribeiro queimando as penas da ialma.

Era o viño, miña nai...

71. ALÁ VAI O GAITEIRO

- [Cantada pola Roda en YouTube](#)

Bota viño do ribeiro, taberneiro bota viño, bota viño do Ribeiro,
que os de Vigo pra cantare temos que beber primeiro,
temos que beber primeiro, ailalelo, ailalalo.

*Alá vai o gaitero por detrás do pinar, vai tocando unha gaita,
ai deixalo pasar, ai deixalo pasar, ai deixalo pasar,
alá vai o gaitero por detrás do pinar.*

Sonche de moito palique, as rapaciñas da Guarda sonche de moito
palique,
elas botan o anzuelo, quen queira picar que pique,
quen queira picar que pique, ailalelo, ailalalo.

Alá vai o gaitero ...

Ben se poden alabare, as rapaciñas da Guarda ben se poden alabare,
son bonitas e ben feitas, e salgadas como o mare,
e salgadas como o mare, ailalelo, ai lalalo.

Alá vai o gaitero ...

Pensando que te casabas, fixéche-la permanente,
pensando que te casabas, fixéche-la vinte veces
e quedache como estabas
e quedache como estabas, ailalelo, ailalalo.

Alá vai o gaitero ...

Non é unha que son todas as rapaciñas da Guarda,
non é unha que son todas poñen dous pares de medias
pra facer as pernas gordas. Ailalelo ailalalo

Alá vai o gaitero ...

72. MARICA SE VAS Ó RÍO LAVAR

- [Cantada pola Roda en YouTube](#)

*Marica se vas ó río a lavar, non bata-la roupa que a podes rachar,
que a podes rachar, que a podes tender, Marica se vas ó río a beber.*

Non chas quero, non chas quero, castañas do teu magosto,
non chas quero, non chas quero, que me cheiran ó chamosco,
que me cheiran ó chamosco, alalelo, ailalalo.

Marica se vas ó río a lavar ...

Que ben baila, que ben baila, a da chaqueta redonda,
moito mellor bailaríase tivera máis longa,
se a tiver máis longa, ailalelo, ailalalo.

Marica se vas ó río a lavar ...

Non chas quero, non chas quero, nabizas do teu nabal,
non chas quero, non chas quero, que me poden facer mal,
que me poden facer mal, alalelo, ailalalo.

Marica se vas ó río a lavar ...

Que ben baila, que ben baila, a do zapato baixiño,
que ben baila, que ben baila, ai na beira do camiño,
ai na beira do camiño, ailalelo, ailalalo.

Marica se vas ó río a lavar ...

Que ben baila que ben baila, a da chaqueta máis longa,
moito mellor bailaríase a tivera redonda,
se a tivera redonda, ailalelo ailalalo

73. CANTAR DA VENDIMA

- Cantada pola *Roda*, o [Cuco de Velle](#) e [Tarxa \(YouTube\)](#)

Iste cantar da vendima éche un cantar vendimeiro, BIS
iste cantar da vendima trouxérono do Ribeiro BIS
ailalara, ailalará ...

Vendima, vendimadoira, na vendima do meu pai, BIS
que o viño vai na cabaza e o pan na cestiña vai, BIS
ailalara, ailalará ...

Vendima, vendimadoira, na vendima do teu pai, BIS
heiche de come-las uvas, que outra cousa non cha hai BIS
ailalara, ailalará ...

Iste cantar da vendima éche un cantar moi meiguiño, BIS
iste cantar é da terra onde se fai o bo viño BIS
ailalara, ailalará ...

E na versión de [Treixadura](#) tamén:

Andivécheste alabando
que me morría por ti,
que me morro non é certo,
pero que te quero si.

Cortade as uvas, rapaciños,
pra acabar pronto a tarefa,

que despois temos a ruada
e queremos ir a ela

74. EU NON SEI QUE PASOU NO MUÍÑO

- Cantada pola *Roda*

Pun, pun, pun, peteiche na porta, non me quixeches responder, BIS
pasaches por min e dixeches: cshis, cshis, cshis,
este pandeiriño que che toca zúmballe a Marica,
era do pelexo dunha ovella, como repenica,
como repenica, Maruiña, como repenica,
este pandeiriño que che toca, zúmballe a Marica.

Eu non sei que pasou no muíño, eu non sei que debeu de pasar,
desde entón Maruxiña está triste, desde entón non fai máis que
chorar,
pasaches por il e dixeches:
este pandeiriño que che toca zúmballe a Marica,
era do pelexo dunha ovella, como repenica,
como repenica, Maruxiña, como repenica,
este pandeiriño que che toca, zúmballe a Marica.

Se queres que vaia e veña, rapaciña ó teu lugare, BIS
has de prenda-la cadela que non fai máis que ladrare, BIS
a miña meniña cando vai pró muíño, vai enfariñada, cheíña de frío;
cheíña de frío, cando vai xiada, a miña meniña meteuse na cama.

Esta noite hei de ir a verte, Camela non teñas medo, BIS
déixame a porta trincada, ai, cunha palliña de centeo BIS
ailalailaraila...

75. NOSA SEÑORA DA GUÍA

I - Cantada pola *Roda*

Nosa Señora da Guía, alá vai, alá vai indo,
a barquiña que a leva parece que vai durmindo,
ailalá, ailá.

*Mariñeiriño da nosa Ribeira, ergue e traballa no mar na noite en
terra, BIS
vento mareiro, vai a barquiña voar, vai a barquiña voar,
que estou morrendo de amor mariñeiro. BIS*

Nosa Señora da Guía ten a porta para a Illa,
para ver os mariñeiros como pescan a sardiña,
ailalá, ailá.

Mariñeiriño da nosa Ribeira ...

II. NOSA SEÑORA DA GUÍA ou CHULA DA RÍA

Versión de [Treixadura](#) e de [Benedicto](#) en Youtube

Nosa Señora da Guía,
guía os homes do mar.
Veña ver a barca a vela,
que se vai deitar no mar.
Nosa Señora vai dentro
e os anxiños a remar.

Nosa Señora da Guía,
a guía dos mariñeiros,
guíeme a miña cuadrilla
toda de mozos solteiros.

Teño máis de mil amigos,
aquí non me sinto só,
cantarei ao desafío,
ninguén teña de min dor.

Na alma se me cravou
a espiña do teu querer,
anque afellas me deixaron
soio para padecer,
neste mundo si hei vivir,
outro amor non hei de ter.

Quen non viu cantar un vello
non sabe o que é cantar.

76. BOAS TARDES, MARUXIÑA

-Cantada por Ugia Pedreira

A lúa vai encuberta, a min pouco se me dá,
a lúa que a min me aluma dentro do meu peito está,
dentro do meu peito hai unha chave para abrir,
nin eu teño máis que darche nin ti que me pedir.

*Boas tardes, Maruxiña, que cansadiña che veño,
dáme un tallo pra sentarme que eu de pé xa non me teño,
que de pé xa non me teño, que xa non me podó ter,
boas tardes, Maruxiña, que cansadiña me ves.*

Como queres que che queira e que che teña afición,
que outro paxariño voa dentro do meu corazón,
dentro do meu corazón hai unha pedra moi dura,
vai abrandando co tempo, pode ser por causa túa.

Boas tardes, Maruxiña ...

77. VAITE LAVAR, PORCONA!

-[Petapouco](#) en YouTube

*Vaite lavar, porcona, vaite lavar,
se non che chega o río, tírate ó mar,
tírate ó mar, porcona, tírate ó mar,
vaite lavar, porcona, vaite lavar*

A muller do ferreiriño, non hai muller coma ela,
de día malla no ferro e de noite o ferreiro nela.

Vaite lavar, porcona ...

O galo cando canta é día, é día, é día,
o galo cando canta é día, vaite de baranda
vaite todo o día.

E nós como somos gandules, gandules, gandules,
vamos de baranda de sábado a lunes.

Cada vez que te emborrachas, Manuel,
ti xa vés en busca miña, Manuel,
ai Manueliño, Manuel, ai Manueliño, Manuel,
ogallá te emborracharas, Manuel,
a todas horas do día, Manuel,
ai Manueliño, Manuel, ai Manueliño, Manuel,

78. AS LANCHAS DO XEITO

-[Versión de Los Tamara en YouTube](#)

Aí veñen as lanchas do xeito
pescando sardiñas a eito,
e van cara á banda do mar
porque os de Rianxo
non saben pescar.

79. MOZA QUE ESTÁS NA VENTANA/ AO ENTRAR NA CORUÑA

[-Luar na Ubre en YouTube](#)

Moza que estás na ventana, ca punta do pano fóra,
mira para dentro, o pano non enamora.

As rapazas da Coruña non é unha que son todas,
botan dous pares de media para te-las pernas gordas.

Ó entrar na Coruña o primeiro que se ve,
todas as mozas nas ventanas e as camas sen facer.

Aí vos vai a despedida, aí vos vai a derradeira,
acabouse o chiculture, rompeu a chicultureira.

80. CARMÍÑA, CARMELA

Carmiña, Carmiña, Carmen, moito me gusta o teu nome,
eu sempre chamo por Carmen e Carmen non me responde.

*Camiña, Carmela, que pena te dás,
na guerra de Cuba morreuche o rapás,
morreu, morreu, déixalle morrer,
que pra ti, Carmiña, rapaz ha de haber*

Carmiña ten un tinteiro cheo de tinta marela,
déixame molla-la pluma no teu tinteiro, Carmela.

Camiña, Carmela, que ...

81. A MIÑA BURRIÑA

[-Versión en YouTube](#)

*A miña burriña cando vai ó muíño, vai toda enfariñada, cheíña de frío;
cheíña de frío e mais de xiada, ai, a miña burriña sempre vai cargada.*

Anque vou pra fiandeiro non vou por fiar na roca,
vou par toca-lo pandeiro, ai, que esta noite a min me toca.

A miña burriña cando vai ó muíño ...

E esta noite hei de ir a verte, nena non me teñas medo,
déixame a porta trancada, ai, cunha palla de centeo.

E esta noite e maila outra e maila outra pasada,
abalei unha pereira, ai, que nunca foi abalada.

A miña burriña cando vai ó muíño ...

82. A PALMEIRA

*Palmeira, miña Palmeira, Palmeira que triste estás,
e na serra da Gaiteira, roubáronche o teu rapaz,
leváronche o teu rapaz, leváronche o teu querer,
agora miña Palmeira, agora que lle has facer.*

A Palmeira fixo un traxe pensando de se casar,
ha de gastar aqueloutro e ha de quedar como está.

*Palmeira, miña Palmeira, Palmeira que triste estás,
alá na serra da Gaiteira, roubáronche o teu rapaz,
leváronche o teu rapaz, o teu rapaz de pin pon,
Palmeira da miña vida, Palmeira do corazón.*

83. BAILA QUERIDIÑO

-Cantada por Faltriqueira

Baila queridiño, baila, baila se queres bailare, BIS
para cantar veño eu, para bailar meu irmán,
para toca-lo pandeiro, viva quen o ten na man.
Baila queridiño, baila, baila se queres bailare, BIS
Anque bailes toda a noite, aquí tes quen che ha cantare.

A pandeireta na man heina de facer falare,
soio lle faltan os ollos para poder namorare,
unha volta polo medio e outra volta de arredore,
así fai o que ben baila, así fai o bailadore.

Por aquel que entrou no baile, por aquel que entrou agora,
por aquel que entrou no baile, cantarei a noite toda.

Baila queridiño, baila, baila se queres bailare, BIS
Anque bailes toda a noite, aquí tes quen che ha cantare.

84. PERDÍN O MEU XUSTILLO

- Cantada por *Faltriqueira*

Perdín o meu xustillo, perdín o meu xustillo, perdín o cordón del,
mira Pepa, perdín o cordón del.

Meu marido tráeme outro, meu marido tráeme outro,
mira Pepa, eu darei conta del.

Adiós ata mañán, adiós ata mañán,
adiós ós que se quedan, adiós ós que se van.

Perdín o meu xustillo, perdín o meu refaixo,
perdín o cordón del, adiós, meu marido tráeme outro,
ata mañán, adiós ata mañán.

Perdín o meu refaixo, perdín o meu refaixo, perdín o rodo del,
mira Pepa, perdín o rodo del.

Meu marido tráeme outro, meu marido tráeme outro,
mira Pepa, eu darei conta del.

Adiós ata mañán, adiós ata mañán,
adiós ós que se quedan, adiós ós que se van.

Perdín o meu xustillo, perdín o meu refaixo,
perdín o rodo del, adiós, meu marido tráeme outro,
ata mañán, adiós ata mañán.

85. CAMIÑA DON SANCHO

- [YouTube Luar na Lubre](#)

Camiña don Sancho, mañanciña fría, BIS
á terra de mouros a librar cautivos BIS
e á beira da fonte, da fonte belida BIS
as rendas do liño lavaba a mociña, BIS
de terra de mouros, don Sancho volvía BIS
e a ialma na fonte deixaba cautiva BIS

86. AXÉITAME A POLAINIÑA *(versión de Faustino Santalices)*

- [YouTube Luar na Lubre](#)-

- [Musicado por Milladoiro](#)-

Axéitame a polainiña, axéitame a polainá,
axéitama diste lado que destoutro xa che está,
ponme a monteira de rizo e o chaleque de veludo,
os calzóns e maila faixa que merquei na feira en Lugo,
quero campar e troulear anque son vello, netiña,
que traballen os que poden, eu traballei toda a vida,
hei de ir ás feiras e ás romerías come-lo pulpo e outras cousas finas,
beber bo viño, falar coa xente e oí-la gaita do señor Vicente.

Axéitame a polainiña, axéitame a polainá,
axéitama diste lado que destoutro xa che está.
Víndeme os bois e víndeme as vacas e non me vénda-lo pote das
papas;
víndeme a cunca mailo cunqueiro e non me vénda-lo o meu
tabaqueiro,
e non me vénda-lo o meu tabaqueiro.

87. CANTAR DE CEGO

- [YouTube Faustino Santalices](#)

Iste ceguiño que vedes cantando
de entrambos ollos da cara cegou
mais por agora vaise gobernando
co outro ollo que inda lle quedou.
Esto que vos digo contáronmo a min
volvendo da feira de Portomarín
con outras cousiñas que vos contarei,
se son ou non certas eu non volo sei.
Como son vello e fáltame a vista,
cando unha moza me vén a falar
pra me dar conta se é grosa ou é fraca
teño por forza que ás maos apelar
e teño observado que as hai que se rin
e outras moi pouquiñas que foxen de min,
e a mor parte delas chaman polas nais,
pro chaman baixiño e arrímanse máis.

Ana Marica quedouse solíña
porque o seu home pra Cuba marchou
e tal desgosto colleu a rapaza
que gravemente a coitada enfermou
e soio quería que a fora coidar
un primo que tiña no mesmo lugar
e dispois dicía cando xa sanou:
gracias ás frequiñas que Manuel me dou.

88. PRENDE SALGUEIRIÑO

(versión histórica da Coral Polifónica de Pontevedra)

[-En YouTube](#)

Durme, meu meniño durme, durme, ti queres durmir,
a túa nai vaiche na leña, o teu pai logo ha de vir.
Prende salgueiriño prende, prende na fonte serea,
tamén os meus ollos prenden nas olladas dunha nena,
ailalala ...
Estreliña do luceiro, quen ten amores non durme,
quen ten amores non durme, senón o sono primeiro,
ailalala ...

89. BARQUEIROS DE RIBADAVIA

(versión de Leixaprén)

[-En YouTube](#)

Barqueiros de Ribadavia víndeme pasar a min,
que veño de Santa Rosa e vou pra San Agustín,
e vou pra San Agustín, ailalelo, ailalalo.

Boga barqueiro de présa, non deixes que a auga te leve,
quero ve-los meus amores e antes que a noite chegue
e antes que a noite chegue, ailalelo, ailalalo.

Ti que fas Maruxiña, ti que fas polo vrao
e eu mallando no millo e eu mallando cun pao,
e eu mallando cun pao, e eu mallando cun pao,
ti que fas Maruxiña, ti que fas polo vrao.

90. CANTIGA DE LABOURA

(versión de Pallamallada)

Meu irmao veu de Castilla, regaloume unha navalla BIS
cun letreiro que dicía: se queres comer, traballa,
ailaralara, ailaralarala.

Vamos cantando e segando, maioral de la cuadrilla, BIS
vamos cantando e segando, que así gañámo-la vida,
ailaralara, ailaralarala.

Teño a pedra de afiar a remollare no río, BIS
pra que non manque a gadaña e saque ben o fío,
ailaralara, ailaralarala.

Vinde, vinde para arriba, temos vales e montañas;
tamén veiguiñas floridas, ailerelerelele, ailerelerelele;
quixera darte e non darte, quixera pegarche un tiro,
e non quixera matarte, ailerelerelele, ailerelerelele;
rapaza da beiramare non baile-la ribeirana,
se non a sabes bailare, ailerelerelele, ailerelerelele;
mozos hainos na ribeira, hainos de media polaina,
hainos de polaina enteira, ailerelerelele, ailerelerelele;
de Trabanca poden sere, onde elas lavan a cara,
calquera pode beber, ai lerelerelele, ai lerelerelele.

.91. DÁME LUME CLARA // XOANA

I ([versión de Quempallou](#))

Dámo si e dámo non, que todo mo podes dare,
dámo si do meu querere e o de non me olvidare.

*-Dáme lume Clara polo vertedeiro,
dáme lume Clara, que eu son o ferreiro,
-se ti e-lo ferrerio, subirás pra riba;
durmirás na cama cunha chavaliña.
Esa chavaliña será do teu tempo,
durmirás con ela pra pasa-lo tempo.*

Quen me dera, quen me dera,
quen me dera o que eu quería,
quen me dera cambiare
tristura por alegría.

Dáme lume Clara ...

II ([versión de Fuxan os Ventos en YouTube](#))

-Dáme lume Xoana polo vertedeiro
se non me conoces eu sonche o ferreiro,
- se ti e-lo ferreiro sube pró sobrado,
comera-lo caldo no medio ferrado;
-o medio ferrado non quero nin vere
e eu teño un canciño, larín,
cun cun, que xa me mantén;
e un canciño non hai quen queira,
larín, cun, cun, correr a freixeira.

-Se tes un canciño que xa te mantén
por que andas tentando o meu procedere;
-o teu procedere xa teño tentado,
ti por ben mo dabas e eu viña roubalo;
-se viñas roubalo íbalo sudare
que no meu sobrado, larín,
cun cun, tamén ladra un can
e un canciño non hai quen queira,
larín, cun, cun, correr a freixeira.

92. HEI DE IR Á TÚA SEITURA // ANQUE VEÑO DA SEITURA

I.

Anque veño da seitura, anque veño da segada,
anque veño da seitura aínda non veño cansada.

Mozas que van á seitura, mozas que á seitura van,
mozas que van á seitura lévana e non a tran.

Son horas da merendiña son horas de merendar,
son horas da merendiña e aínda non veu o xantar.

Á porta do noso amo hai un ramo de olivas;
viva, viva o noso amo etamén a súa cuadrilla.

II. Versión dos Saraibas

Hei de ir á túa seitura, hei de ir á túa segada,
hei de ir á túa seitura, que a miña vai acabada.

Son horas de merendiña, son horas de merendar,
son horas de merendiña e aínda non veu o xantar.

Segai meniña, por esas palliñas raras,
nin comer nin beber, nin gañare-la sombrada.

Ruxe o ferro, ruxe o ferro e eu corro norte
o diñeiro do meu amo, non se gaña nesta sorte

93. FÍA NA ROCA

- [Versión dos Saraibas](#)

Fía, fía, fía na roca, fía, fía e fai mazaroca. BIS

Fía no fía que fía, fiadora, miña roca, BIS
fía no fía que fía, fiando fai mazaroca BIS

Agora vouche contare, agora meu queridiño, BIS
pra que o liño sexa bo haise que meter no río BIS

Fía, fía, fía na ...

Fía miña roca, fía, que eu son boa fiadora, BIS
cada día fío, fío, non vexo unha mazaroca. BIS

Fía, fía, fía na ...

A moza que é caladiña e non di mal de ninguén, BIS
canto máis baixiño mira cantos máis amores ten. BIS

Fía, fía, fía na ...

94. NA FLOR DOS MEUS ANOS

- [Versión da Señora Carmen](#)

Ai alá na flor dos meus anos, ai fun unha sacrificada,
ai sufrín penas, sufrín males, ai, ai o que eu levo pasado,
ai, ai o que eu levo pasado, ailalala, ailalala.

Ai os meus olliños secaron, ai de tanto por ti chorare,
agora non teño consolo, ai alivia o meu penare,
ai alivia o meu penare, ailalala, ailalala.

*Ai Sara, ai Dora, ai Sara, túa nai chora,
ai Sara, Sarola, ai Sara do corazónhe.*

Ai estreliña do mencer, irmán pequeniña da Lúa,
non aumentes as miñas dores, ai deste mal que non ten cura,
ai deste mal que non ten cura, ailalala, ailalala.

Ai Sara, ai Dora, ...

Ai San Antonio de Lisboa, ai feito de pau de sanguinho,
ai dáme lume, dáme forzas para non perde-lo camiño,
para non perde-lo camiño, ailalala, ailalala.

Ai Sara, ai Dora, ...

95. PIRIMPIMPIM

-Cantan: [Malvela e Puto Coke](#)

*Pirimpimpim pim pim, pim pimn, Manolo virá pra acá, María vira pra
aquí BIS*

Teño dentro do meu peito unha laranxa partida
para darlle ó meu amor o Pirimpirim pim pim
para darlle a miña vida.

*Pirimpimpim, pim pim, pim pimn, Manolo virá pra acá, María vira pra
aquí BIS*

De Portugal me mandaron tres peras nun ramalliño,
quen me dera a min saber o Pirinpirín pim pim
quen me ten tanto cariño.

*Pirimpimpim, pim pim, pim pimn, Manolo virá pra acá, María vira pra
aquí BIS*

Do outro lado do río, do outro lado meu ben,
do outro lado do río o Pirimpirim pim pim
teño a que lle quero ben.

*Pirimpimpim, pim pim, pim pimn, Manolo virá pra acá, María vira pra
aquí BIS*

Ó entrar en Sanguineira hai un lexeo de letreiro
que sempre está a dicir o Pirimpirim pim pim
Portugal meu compañeiro

*Pirimpimpim, pim pim, pim pimn, Manolo virá pra acá, María vira pra
aquí BIS*

96. O GALO

[-En YouTube](#), Pili Pampín

O galo cando canta é día, é día, é día, o galo cando canta é día,
vamos de parranda de noite e de día. BIS

O galo cando canta é hora, é hora, é hora, o galo cando canta é hora,
bótate María, bota o galo fóra. BIS

E como somos da ribeira, ribeira, ribeira, e como somos da ribeira,
vamos de parranda a semana enteira. BIS

97. POLO RÍO ABAIXO

[-Versión en YouTube da Orquestra Finisterre](#)

*Polo río abaixo vai unha troita de pé,
corre que te corre, quen a puidera coller,
quen a puidera coller, quen a puidera pillar.
Polo río abaixo vai unha troita de pé.*

Ó ve-las flores se alegra BIS
o paxariño do prado. BIS
Eu con ve-la túa cara BIS
boto fóra as miñas penas.

Polo río abaixo vai unha troita de pé,...

Que cho teño ben gardado,
heicho de dar que cho teño,
que cho teño ben gardado,
nena cando foras miña,
o caraveliño encarnado.

Polo río abaixo vai unha troita de pé ...

98. CANTIGAS DE MATRIMONIOS ([Fonte](#))

Eu querer quéroche ben,
e téñoche admiración;
pero casarme contigo,
non mo pide o corazón.

Non mo pide o corazón,
non mo pide o corazón;
eu querer quéroche ben,
eu téñoche admiración.

II

Non sei por que me casei,
que solteira ben estaba;
antes falaban de min,
agora ninguén me fala.

Non sei porque me casei
que solteira ben estaba;
andaban detrás de min,
agora ninguén me fala.

Palabra de casamento
nin cha dou nin cha darei;
pasar o tempo contigo
iso si que o farei.

Eu quería-me casar,
miña nai non teño roupa;
casa miña filla, casa
que unha perna tapa a outra.

Eu caseime por un ano,
por saber que vida era;
agora o ano acabouse,
solteiriña quen me dera!

Solteiriña, non te cases,
non déixe-la boa vida;
que eu ben sei dunha casada
que chorou no outro día.

Eu caseime aló para arriba,
para a terra de moito pan;
o forno da miña sogra
bota silvas no verán.

Miña nai por me casar,
ofreceume canto tiña;
agora que me casei,
pagoume cunha galiña.

Miña nai por me casar
ofreceume bois e vacas;
agora que me casei,
deume unha cunca de papas.

Caseime para aló para arriba,
para a terra de Maragatos;
cunha vella, vella, vella,
toda comesta dos ratos.

Casadiña de tres días,
onde che van as cores?;
nin casada, nin solteira,
nunca chas tiven mellores.

Caseime para aló para abaixo,
para a terra de Maragatos;
déronme un homiño vello
todo comesto dos ratos.

Caseime para aló para abaixo,
para a terra de moito pan;
o forno da miña sogra
bota silvas no verán.

No medio do Vilar hai
unha pedra de asento,
para sentárense os mozos
que veñen do casamento.

Eu queriame casar,
miña nai dime que é cedo;
ela como está casada,
non sabe as ganas que eu teño.

Non quero casar, icaramba!,
inon quero manter muller!,
que a manteña seu pai,
que a manteña se quere.

Heiche de dar o boi mouro
e maila vaca marela,
e maila filla máis nova,
se non queres a máis vella.

Heiche de dar o boi louro
e maila vaca Marela

e maila filla máis nova
para que cases con ela.

Miña nai por me casar
ofreceume un año novo;
agora que me casei,
dixo que o comera o lobo.

Heime de casar este ano,
anque sexa cun ben pobre;
que todo o mundo fai risa
da muller que non ten home.

Moito me gustas rapaza,
no lavar da túa roupa;
has de ser miña cuñada,
se meu irmán non quere outra.

Oliveira ben prantada,
sempre parece oliveira;
unha nena ben casada,
sempre parece solteira.

Non quero casar, caramba;
Non quero manter muller.
Que a manteña seu pai!
Que a manteña se quere!

A regueifa está na mesa,
no medio ten un codeso;
a muller que a amasou,
aínda ten o lombo tesou.

Aquí nenas, aquí todas,
darredor do meu sombreiro;
heivos de casar a todas
se o voso pai ten diñeiro.

O día que ti te cases
deus queira que non apareza
nin o crego, nin o sacristán,
nin as chaves da igrexa.

O día que eu me case
queira Deus que non apareza
nin cura, nin sacristán,
nin as chaves da igrexa.

O anillo do meu dedo
é de diamante moi fino;
heicho de dar, Manuel
cando te cases comigo.

Heime de casar contigo,
heime de casar, hei, hei;
heime de casar contigo,
coa túa nai xa falei.

Non te quero, non te quero
e xa na cara cho digo;
non me pariu miña nai
para casarme contigo.

Neniña bonita da cor da cereixa,
cásome contigo, se teu pai me deixa;
se teu pai me deixa e a túa nai quere,
neniña bonita, eres miña mullere!

Regaliño dos meus ollos,
prenda das miñas entrañas:
se non te casas comigo,
por qué non me desenganas?

O día que me casei,
todo o día caeu neve;
aínda puido caer viño
que o meu home ben o bebe.

Corredoiras apretadas,
camiño de moitas pedras;
se non te casas comigo
nunca bo camiño levas.

Debaixo da túa ventá
hai un puñal escondido;
para matar á túa nai,
se non te casas comigo.

99. CANTEIROS E CARPINTEIROS

Canteiros e carpinteiros
da vila de Pontevedra,
aquí falta unha meniña
teredes que dar conta dela.

Vaite mundo vaite mundo
que axiña diches a volta,
a,i que axiña me deixaches
con loito a miña porta.

Algún día algo, algo
agora, mal pocadiño,
xa no me queren as nenas
porque vou acabadiño

100. FOLIADA DE SANTIAGO

- [Versión de Cantigas e Agarimos](#)

Se vas polas Platerías
a rezar na Corticela
tomarás auga bendita
dos cabaliños de pedra. BIS

*Polo Sar abaixo vai unha troita de pé,
corre que te corre quen a puidera coller,
quen a puidera coller, quen a puidera pillar,
a cabalo dela ir á beiriña do mar.*

Hai un carreiro de estrelas
que vai ó lombo do ceo,
é o que me leva a Santiago
pra gaña-lo xubileo. BIS

Polo Sar abaixo vai ...

Benditos os santiagueses
que souberon darse maña
pra gaña-lo Libredón
do santo Patrón de España. BIS

Polo Sar abaixo vai ...

101. FOLIADA DO RUEIRO

- [Coro Toxos e Flores](#)

Santiago de Compostela
moi mollada tes que estar,

moi mollada tes que estar,
por un lado te-lo Sar,
polo outro o Sarela,
polo outro o Sarela,
aialelo aialalo.

*Fun polo Rueiro, fun por Figueiriñas,
fun e no camiño unha moza atopei,
non sei se unha fada ou unha meiga sería
pois daquela moza eu me namorei.*

Desde Lermo ata o Rueiro
serpentea maino o río,
desde Lermo ata o Rueiro
tamén eu serpenteaba
tras dun amor verdadeiro,
tras dun amor verdadeiro,
aialelo aialalo.

Fun polo Rueiro...

Unha noite de trebóns
pasei a ponte do Carmen,
unha noite de trebóns
e tan cheo o río iba
que me mollei os calzóns
que me mollei os calzóns
aialelo aialalo.

Fun polo Rueiro...

102. COLORADIÑA DE CARA

[-Versión en YouTube](#)

Coloradiña da cara
eu non a quixera ser,
unha mazán colorada
todos a queren comer

Pequiniñas e ben feitas,
así as quere o meu Pedro
nin pequeniñas de máis
nin grandes que poñan medo

-Por que non cantas paxaro?
-Porque non teño alegría,
non se fai cousa de noite
que non se saiba de día

103. REMA BARQUEIRIÑO

Rema barqueiriño, rema,
non deixes que a auga nos leve
que quero ver o meu amore
antes de que a noite cerre.

Voume por aquí abaixo
ó son da auga que corre,
non teño padre nin madre
nin mozo que por min chore.

Máis quero ser solteiriña
que muller de home baldío,
mais quero un probe con honra
que sen ela un home rico

[-Versión de Amancio Prada en YouTube](#)

Rema barqueiriño, rema,
rema pola beira da marola,
rema, barqueiriño, rema,
bótame deste mar fóra.

104. EU CASEIME NO ARAÑO // PANDEIRETADA DE OUTES

Eu caseime no Araño,
Coa filla dun arañón;
Ela bonita non é,
Pobre sí, honrada non.

Eu caseime na montaña
porque había moito pan,
o forno da miña sogra
bota silvas polo verán.

Eu caseime coa bonita,
coa bonita sen facenda,

agora quero comer
a bonita non me alembra.

Eu caseime por un ano,
por saber que vida era,
o ano vaise acabando,
solteiriña quen me dera.

Eu caseime por un ano
coidando de vender allos,
gora vendo cebolas
por causa dos meus traballos

[-Versión de Fuxan os Ventos en YouTube](#)

Eu caseime no Araño,
Coa filla dun arañón;
Ela bonita non é,
Pobre sí, honrada non.
Ailelelo...

Heime de casar un ano
anque seña co raposo,
heille de afeitar o rabo
pra que seña vanidoso.
Ailelelo...

Sei tocar e sei bailar
tamén sei facer o tonto,
como son fillo dun probe
teño que saber de todo.
Ailelelo...

E o raposo vai ó monte
pola rodeira do carro,
leva os ollos na cabeza
e o cu debaixo do rabo.
Ailelelo...

...

105. EU XUNGUÍN OS MEUS BOIS - CANTIGA DA ARADA

Eu xunguín os meus boíños
e leveinos á arada

e no medio do camiño
esquencéuseme a aguillada.

Volvín á casa correndo,
topei a porta pechada,
"ábreme a porta, muller,
que me esqueceu a aguillada"

Ruxa o ferro, ruxa o ferro,
ruxa o ferro e corra a noite
que o diñeiro do meu amo
non se gaña desta sorte

ou

Eu xunguín os meus boiciños
e leveinos á arada
e no medio do camiño
esquecéuseme a aguillada.

Erguinme pola mañán
cediño de madrugada,
collín o carriño e os bois
e funme prá miña arada.

Nin o vento nin o frío,
nin a calor e a xiada,
mete medo ao labrador
no traballo da arada.

(Escolma de cantigas)

106. UN GATO E UN ESCRIBANO

O que casa con morena
leva a vida amargurada,
rilla no pan de centeo
tendo da fariña branca.

Non cases con home roxo,
color de azafrán en rama,
que é como as barbas do millo
que non serven para nada.

Un gato e un escribano
caeron xuntos nun pozo

e como os dous eran gatos
rabuñáronse o pescozo

107. FISTERRA

- [Canta Treixadura \(YouTube\)](#)

Fisterra vai na proa
Camariñas vai no mar
Santa Uxía de Ribeira
Poboa do Caramiñal

*Eu tamén choro,
eu tamén choro,
cando non me alumean, meu ben,
eses teus ollos.*

Se queres que brille a lúa
pecha os ollos meu amor
que mentras os tes abertos
a lúa pensa que hai sol

Eu tamén choro...

Para sardiñas Aguiño
para polbos Castiñeiras
para rapazas bonitas
Santa Uxía de Ribeira

Eu tamén choro...

108. FOLIADA DE SARELA

- [Canta Treixadura \(YouTube\)](#)

Funme deitar a durmire
ao pé da auga que corre,
a auga foime dicindo:
quen ten amores non dorme.

*Quen ten amores non dorme
quen non os ten adormece,
quen os ten lonxanos chora,
quen os ten preto pacede.*

Teño carta no correo
e non sei que me traerá,
se me traerá o consolo
ou me desconsolará.

Quen ten amores non dorme ...

O que nunca estivo lonxe,
non sabe o que é padecere,
de lonxe as penas aumentan
pra quen sabe querere.

(Repertorio tabernario)

109. MUIÑEIRA DO SANTO AMARO

-[Versión Treixadura](#) (YouTube)

Señor cura, señor cura,
a doutrina non lla sei,
pidame unhas cantiguiñas
que eu llas repinicarei!

Moza bonita no mundo
non debera de nacer,
porque fai como a mazá,
todos a queren comer.

Ser solteiro é boa cousa,
o ser casado tamén,
deixarei pra cando morra
pensar no que me convén.

Por dicir *Viva San Roque!*
prenderon o meu irmán,
agora que o soltaron:
Viva San Roque e o can!

110. SE CHOVE

- *[Canta Treixadura](#) (YouTube)*

Aí vén o vento do mare,
aí vén o vento mareiro,

aí vén o meu queridiño
vestido de mariñeiro.

*Se chove, deixa chover,
se orballa, deixa orballare,
por máis que chove e vente
de non me hei de apartare.*

Pasei pola ponte abaixo,
vin saltar unha sardiña,
mariñeiros, ide ao mare
e botádelle a traíña!

Se chove, deixa chover, ...

Indo polo mar abaixo
perdín a miña navalla,
rema mariñeiro, rema,
que alá no mar me quedaba.

Se chove, deixa chover, ...

O que navega de noite
ha tropezar nos penedos,
eu que ando polo día
tropezo nos teus enredos.

(Repertorio tabernario)

111. AS MIÑAS COUSAS - ANSUÍÑA

- [Cantada por Treixadura \(YouTube\)](#)

Teño unha galiña branca
que me veu de Redondela,
da miña comadre o galo
non me veña dar con ela.
Ai, la la, ai la la...

Teño de ver o meu liño,
que me dá pola cintura,
non sei se é liño, se é herba,
bagalla non ten ningunha.
Ai, la la, ai la la...

Unha pera, dúas peras,
non tiña máis a pereira,

unha será para o xastre,
outra para a costureira.
Ai, la la, ai la la...

112. EU CHORAR CHORAR CHOREI

- Canta: [Escola María Soliña de Pubai -Orissa- India](#)

Eu chorar chorei o domingo á tarde,
eu chorar chorei o domingo á tarde,
que veña Lourenzo, que veña Lourenzo,
que diga verdade.

Que diga verdade pero con cautela,
que diga verdade pero con cautela,
túa nai é meiga, túa nai é meiga
teño medo dela.

Teño medo dela e ela non me come,
teño medo dela e ela non me come,
túa nai é meiga, túa nai é meiga,
teu pai é un mal home.

113. A GALIÑA E OS PITIÑOS

[Versión infantil en YouTube](#) (sonárbore)

O galo canta, a galiña chora
polos pitiños que dormen fóra
Banana eó! Banana eó!
Banana eó! Eó! Banana eó! [BIS]

Pelotas é un estado
é un estado que hai no Brasil,
meu tío que é brasileiro
baila en pelotas no mes de abril. [BIS]

Banana non ten caroso,
non ten caroso, non ten, non ten,
tamén a carne sen óso
non ten caroso e mais sabe ben. [BIS]

Estaban dous namorados

moi arrimados no bananal,
o moso que era traveso
foise arrimando sen faser mal. [BIS]

O ghalo canta, a ghaliña chora
polos pitiños que dormen fóra. [BIS]
A Requinta da Laxeira

114. FOLIADA DE OLÁS

- Canta [Fuxan os ventos](#) (YouTube)

Dáme o que che pido nena
que non che pido diñeiro,
dáme a túa ovella negra
pra xuntare ó meu carneiro BIS
Ailelelo...

E ti telo, telo, non o queres dar,
e despois de vella podelo salgar,
podelo salgar, podelo salgar,
e ti telo, telo, non o queres dar,
ailelelo...

Fuxe de aí sapoconcho, ai la la,
mañá teño que cocer, trailalala,
se non teño varredoiro, ai la la,
contigo hei de varrer, trailalala.

E chíscao por diante e chíscao por tras
e tócalle as cunchas churrascarraschás,
churrascarraschás, churrascarraschás,
e chíscao por diante e chíscao por tras.

Dáme o que che pido nena, dámo que non é pecado,
unha muxica de lume pra prender o meu cigarro,
pra prender o meu cigarro, ailalelo ailalala.

E ti telo, telo, non o queres dar,
e despois de vella podelo salgar,
podelo salgar, podelo salgar,
e ti telo, telo, non o queres dar,
ailelelo...

Pensas por seres herdeiro, ai la lá,
que te hei tragner pola man, trailalalá,

moitas sedas ten o porco, ai la lá,
e non sae de marrán, trailalalá.

E chíscao por diante e chíscao por tras
e tócalle as cunchas churrascarraschás,
churrascarraschás, churrascarraschás,
e chíscao por diante e chíscao por tras.

Por esta carballeiriña moito me gusta cantar,
anque non téña-la gracia ela hache resoar,
ela hache resoar-e, ailalelo ailalala.

Ei veñen, ei veñen, ei veñen, ei van
sardiñas fresquiñas de pola mañá,
de pola mañá, de pola mañá,
ei veñen, ei veñen, ei veñen, ei van.

(Repertorio tabernario)

115. A RUMBOIA

- Canta [Tarxa](#) (YouTube)

-Heime de casar pra Castro,
terriña de moita leña,
hei de tragner un feixiño
pra cando a rumboia veña.

*-Anda Xoana, árdeche a Troia,
vente comigo, bailaremos a rumboia.
Viva a rumboia, rumboia viva,
viva a rumboia, anque sea noite e día.*

-Miña comadre Polonia
non vin muller coma ela,
os ósos dállos ao home,
a carne cómea ela.

-Ou lindo lindo, ou miña xoia,
imos a Lugo, bailaremos a rumboia.
Viva a rumboia, rumboia viva,
viva a rumboia rumboia da miña vida.

- Todos os carabineiros
dormen cos pés á xiada
e de alí ao outro día

a festa da rumbeirada.

*-Anda Xoana, árdeche aTroia,
vente conmigo bailaremos a rumboia.
Viva a rumboia, rumboia viva,
viva a rumboia anque sea noite e día.*

116. O GALO II

- Canta [grupo de Xermade](#) (YouTube)

O galo cando canta é día, é día, é día,
o galo cando canta é día,
imos de varanda, imos todo o día.

E como somos tan gandules,
gandules, gandules,
e como somos tan gandules
imos de varanda de sábado a lunes.

E como somos da ribeira,
ribeira, ribeira,
e como somos da ribeira
imos de varanda a semana enteira.

E como somos da orquestra,
da orquestra, da orquestra,
e como somos da orquestra
imos de varanda de festa en festa.

E como somos os gaiteros,
gaiteros, gaiteros,
e como somos os gaiteros
imos de varanda todo o ano enteiro.

E como somos os gaiteros,
gaiteros, gaiteros,
e como somos os gaiteros
para ir de varanda somos os primeiros.

117. SAN SADURNIÑO

[-As Tanxedoras en YouTube](#)

Eu fun á feira de San Sadurniño,
enchinme de viño, de rir e troular:
bailei a muiñeira, brinquei coas nenas
e cun pé de pino din paus a mallar.
Ai la larala ai la larala,
ai lalarala laralá laralá [BIS]

Desfíxenlle o baile, rompinlle o pandeiro
e os mozos do Outeiro viñéronse a min;
e tonto non fixen no campo enseguida
da miña mauciña dous palmos lles din.
Ai la lara lá...

Loitei un anaco con tres de Liñares
tumbeinos aos pares sen nada nas mans;
cun puñetazo dos meus cotromeiros
chimpeilles os queixeiros a tres de Bardaos.
Ai la lara lá...

Sentín o aturuxo no medio da ponte
que ata o meu monte sentín que estrombou;
deixeime de andar e apreto a mauciña
pois cara a min viña quen aturuxou.
Ai la lara lá...

E vin unhos homes no monte correndo
cos paus levantados como unhos ladrós;
despois de mallarme xunto a un pasadoiro
puxéronme en coiros, o medo me entrou.
Ai la lara lá...

Non volvo á feira de San Sadurniño,
nin bebo máis viño nin volvo a troular,
nin bailo a muiñeira nin brinco coas nenas,
nin co meu pauciño dou paus pra mallar.
Ai la larala ai la larala,
ai lalarala laralá laralá [BIS]

Se vas á festa de Velle virás aburrido,
comerás castañas asadas e leite fervido,
e ron, e ron, e ron, e ron, e ron, e ron, e ron,
e ron, e ron, e ron,
e róncale o corazón,
e róncale o corazón,
e róncale o corazón.

(Repertorio tabernario)

118. DÁME LUME SARA II

- Canta [Xistra de Coruxo \(YouTube\)](#)

Dáme lume Sara polo mexadeiro,
dáme lume Sara, que son mariñeiro.
Se eres mariñeiro non me importa nada
as mociñas novas déitanse na cama.

As rapaciñas da Ghuarda
sonche de moito palique,
elas botan o anzuelo
quen queira picar que pique. [BIS]
Ai lalalo, ai lalá lo

Non te cases queridiña
co mariñeiro do mar,
arma a vela e arma a vela
e vai cara ao seu lugar. [BIS]
Ai lalalo, ai lalá lo

119. FOLIADA DE PONTEVEDRA

- Cantan [Trebón e Suso Vaamonde \(YouTube\)](#)

Ten as súas rías costeiras,
ai areas de Pontevedra,
ten as súas rías costeiras,
onde todas as mulleres
son bonitas e feiticeiras. [BIS]
Ailalalo, ai elelalo

Somos do Lérez
terra da gaita,
moito me gusta meniña,
moito me encanta.
Somos do Lérez,
de Pontevedra,
vente comigo meniña,
vente pra ela.

Ten a praia o varadeiro,
a espuma que o mar salpica,
ten a praia o varadeiro,

onde todas as rapazas
agardan os seus mariñeiros. [BIS]
Ailalelo, ailalalo

E nos montes de Pontevedra
ai o vento que abala os pinos,
e nos montes de Pontevedra,
leva pra os que están lonxe
arumes da nosa terra. [BIS]
Ailalelo, ailalalo

(Repertorio tabernario)

120. FOLIADA DE NADELA

- Cantan [Fuxan os Ventos](#) (YouTube)

Zapatos de chicolate
tenos a miña cadela
pra levar as ovelliñas
ás feiriñas de Nadela. [BIS]
Ai lalalo ai lalalo

Aló vén o gaiteiro
por detrás do pinar,
ata os pinos lle axudan
á gaitiña a tocar, [2BIS]
aló vén o gaiteiro
por detrás do pinar.

Indo eu pra non sei onde,
vendo eu a non sei quen,
na porta de xa me entendes...
non me poido acordar ben. [BIS]
Ai lalalo, ai lalalo

Andivécheste alabando
polos muíños moendo,
que te casabas comigo
e iso era en eu querendo. [BIS]
Ai lalalo, ai lalalo

A rula vaise queixando,
que lle levaron o niño,
quen cho mandou facer rula
tanto á beira do camiño? [BIS]

Ai lalelo ai lalalo

Algún día ben pensaches
do meu corazón ter froles,
agora vai aos codesos
que chos hai nos arredores. [BIS]
Ai lalelo ai lalalo

121. TERRA DE MARAGATOS

Funme casar á montaña,
que é terra de maragatos,
déronme unha muller vella
toda rillada dos ratos. [BIS]

Eu caseime cunha vella
porque tiña o coiro duro
e os condenados dos ratos
furáronchelle o bandullo. [BIS]

Unha vella fixo papas
e o pote botoullas fóra,
hai un ano que foi iso
e aínda hoxe a vella chora. [BIS]

Agora xa non se usa
matar as pulgas coa uña,
métense nunha burata
e dáselles cunha cuña. [BIS]

Eu caseime cunha vella
por causa da fillarada
e vai o demo da vella
trouxo dez nunha niñada. [BIS]

(Repertorio tabernario)

122. SE QUERES A BOA MOZA

([fonte da cantiga](#))

Se queres a boa moza
non vaias á romaría,
vaina buscar á súa casa
con roupa de cada día.

Aí che vai, Maruxiña, aí che vai,
aí che vai , aí che vai, Maruxiña!
no curral de teu pai,
no curral de teu pai
encirraronme o can,
e saíu a miña sogra
cunha tranca na man,
cunha tranca na man
e un zapato no pé,
ela quéreme mal
e eu ben sei por que é!

Se queres a boa moza
non vaias por ela á feira,
vaina buscar á súa casa
o día da sementeira.

Aí che vai, Maruxiña, aí che vai,

...

Se chove deixa chover,
se orballa deixa orballar,
eu ben sei dun abriguiño
onde me hai de ir abrigar

Aí che vai, Maruxiña!
O caravel cando nace
de pequeniño recende,
non hai cousa máis humilde
có amor cando pretende

123. SARA, SARIÑA

I- Versión de **Os Cempés** ([YouTube](#)) e **Grinkis** ([YouTube](#))

Ai, quixera dormir contigo,
ai, na túa cama dourada!
Ai, pasar contigo esta noite,
ai, ir a presidio mañana.

*Ai, lalalo hai la la lelo, ai, lelo hai la le lala...
Sara, Sara, Sariña,
ai, Sara ti é-la miña,
ai, Sara, Sara, Saronhe,
ai, Sara do corazonhe.*

Namoreime de ti un día,
ai, foiche para toda a vida.
Ai, se volvera a nacere,
ai, de ti me namoraría.

Ai, lalelo ...

Ai, crucei o mar de Ferrole,
ai, ferrolana por te vere.
Ai, crucei a mar de Ferrole,
ai, a piques de me perdere.

Ai, lalelo ...

Ai, quixera alegrar a vida,
ai, mirando a túa cara!
Ai, quixera calmar a sede,
ai, bebendo da túa iauga!

Ai, lalelo ...

Ai, quero dar a despedida,
ai, como dan os cantadores,
raparigos e raparigas,
ai, cuidade os vosos amores

Ai, lalelo ...

II- Versión de Fía na Roca ([YouTube](#)):

Na parroquia de Carreira
Hai un carballo no adro
que dá peras no agosto
e ameixas no mes de maio

Mariano ten un galo
que o trouxo do penedo,
ergue a cresta e baixa o rabo
e Mariano tenlle medo.

*Ai! Sara, Sariña,
ai! Sara ti es a miña.
A! Sara, Sarón,
ai! Sara do corazón.*

Queridiña ergue e vaite,
queridiña ergue e vaite,
como me hei de ir queridiña!
como me hei de ir e deixarte!

Ai! Sara, Sariña...

124. MONTERREI ESTÁ NO ALTO

Monterrei está no alto
e Verín está no baixo;
Nosa Señora da Estrela
está nun campión raso.

Do outro lado do río
sentín cantar e choreie
eran os meus amoriños
que ían pra Monterreie.

Os amores dalgún día
foron de cara pró Norte,
mais os que agora viñeron
esquecereinos coa morte.

125. PASEI O MAR DA MAROLA

- Eu non canto por cantar

Pasei o mar da Marola, meu amore por te ver;
pasei o mar da Marola, a piques de me perder.

Pola pena da Marola, pola da Marola pena,
pola pena de Marola, rema, remeiriño, rema.

Pola miña porta pasa un regueiro de auga fría
para lles dar de beber ós amores dalgún día.

126. AIRIÑOS, AIRIÑOS, AIRES

- Eu non canto por cantar

Airiños, airiños, aires,
airiños da miña terra;

airiños, airiños, aires,
airiños levaime a ela.

Vamos indo, vamos indo,
vamos andando pra ela;
agora xa nos vai dando
o airiño da nosa terra.

Vente, ventinho do norte,
vente, ventinho norreiro;
vente, ventinho do norte
sera-lo meu compañeiro.

127. ESTRELIÑA DO LUCIERO

-Eu non canto por cantar

I.

Estreliña do luceiro, compañeiriña da lúa;
o día que non te vexo non vexo cousa ningunha.

Aluméame, aluméame estreliña da fartura;
aluméame, aluméame mentres que non vén a lúa.

Tres estrelas hai no ceo, todas tres de par da lúa;
a miña é a do medio aluma máis ca ningunha.

Púxenme a contar estrelas e metelas no sombreiro;
non puiden dar conta delas ata que veu o luceiro.

II.

[-En YouTube: Keltoi](#)

Estreliña do luceiro, estrela da claridade;
vaise o día, vaise a noite, vaise a nosa mocidade.

Adeus, estrela brillante compañeiriña da lúa;
moitas caras teño visto mais como a túa ningunha.

Eu ben vin raia-lo sol por riba daquel penedo;
deberán se-los teus ollos porque non raia tan cedo.

Aluméame, aluméame estreliña da fartura;
aluméame, aluméame mentres que non vén a lúa.

128. BARQUEIROS DE RIBADAVIA II

- Eu non canto por cantar

Barqueiros de Ribadavia vídeme pasar a min
que veño de Santa Rosa e vou pró San Agustín.

San Hadrián é barqueiro barqueiro é San Hadrián;
San Hadrián é barqueiro que leva o remo na man.

Desoutro lado do río teño unha parriña de uvas,
e o barqueiro non me pasa, e elas caen de maduras.

Do outro lado do río, o meu pai ten un palleiro;
cada vez que vai alí ten que paga-lo barqueiro

129. FUN Ó MUÍÑO CON PAULA

- Eu non canto por cantar

Fun ó muíño con Paula,
fun ó muíño con ela,
fun ó muíño con Paula
e durmín nos brazos dela.

Fun ó muíño con Paula,
fun ó muíño con ela,
fun ó muíño con Paula,
fun en paz e vin en guerra.

Unha noite no muíño,
unha noite non é nada;
con dúas rapazas solteiras,
esa si que é muiñada.

Unha noite no muíño
cun fato de nenas novas;
elas todas en camisa
e eu no medio en cirolas.

130. AI, MARUXIÑA!

(Eu non canto por cantar)

Eu ben cho dixen, rapaza,
eu ben te desenganei,
díxenche que era casado
agora que che farei.

*Ai, Maruxiña,
non vaias á herba
que vén o vento, Maruxa,
e toda cha leva;
toda cha leva,
lévacha toda
ai, Maruxiña, Maruxa,
non sexas tola.*

Sempre andas: voume, voume,
xa te podías ter ido;
se te foras hai un ano
xa me tiñas esquecido.

*Ai, Maruxiña,
non vaias á herba...*

Se mo deches non mo deras
que eu pedir non cho pedín;
déchesllo a quen quixeches,
quéresmo cobrar a min.

*Ai, Maruxiña,
non vaias á herba...*

Moza do pano amarelo
e mandil acarreirado
quen che comeu as rosquillas
que te leve no cabalo.

*Ai, Maruxiña,
non vaias á herba...*

Eu ben sei a quen dixeches
que non me podías ver;
quen mo dixo non cho digo,
pro estimeino saber.

*Ai, Maruxiña,
non vaias á herba...*

Teño un amor na montaña,
teño un amor montañés;
teño un amor na montaña,
no Ribeiro teño tres.

*Ai, Maruxiña,
non vaias á herba...*

131. APARTA LOUREIRO VERDE

- [Eu non canto por cantar](#)

[-Versión en YouTube](#)

Aparta loureiro verde
deixa clarea-la lúa
que estou no medio do mare
non vexo cousa ningunha.

*Vivir na Coruña que bonito é,
andar de varanda e durmir de pé;
e durmir de pé e durmir de pé;
vivir na Coruña que bonito é!*

Arrimeime a ti loureiro,
pensando que eras calado,
loureiro larapeteiro,
todo o tés larapetado.

Vivir na Coruña que bonito é, ...

Heime de casar cun vello,
heime de fartar de rir;
heille de poñe-la cama
onde non poida subir.

*Na ría de Vigo
non se pode entrar
con tantas peixeiras
que van cara ó mar;
que van cara ó mar,
que van cara ó mar,
á ría de Vigo,
non se pode entrar!*

Miña lancha mariñeira
que ben capea-lo vento;
así fai a boa moza
cando quere dous a un tempo.

Na ría de Vigo ...

132. POR DEBAIXO DA PONTE

(Eu non canto por cantar)

Por debaixo da ponte da vía do tren
ía unha lanchiña que corría ben, que corría ben,
que corría ben por debaixo da ponte da vía do tren.

Por debaixo da ponte víronte pasar
as pernas, Marica, viñas de lavar,
viñas de lavar e a cara tamén,
por debaixo da ponte da vía do tren.

133. EU NON CANTO POR CANTAR

(Eu non canto por cantar)

Eu non canto por cantar
nin pola graza que teña;
canto para alivia-lo
corazón de tanta pena.

Canta nena, canta nena,
garda o berberechiño
que a que non canta nin baila
é que ten ben feito o niño.

Canta nena, canta nena,
garda o berberecheiro
que a que non canta nin baila
é a que o dá primeiro.

Canta rula, canta rula
canta rula naquel souto;

coitadiño do que espera
polo que está nas mans doutro.

134. O MAR ANDA QUE DESANDA

- Eu non canto por cantar

O mar anda que desanda,
anda que desaparece;
quen ten amores non dorme,
quen non os ten adormece (adoece)

*Mire, meu pai, mire, mire como veño:
véñolle morto de frío con fame dun ano e medio,
mire, meu pai, mire, mire como veño.*

Na casa dos pobres
reñen e todos teñen razón
as mulleres pola saia
e os homes polo calzón.

Mire, meu pai, mire, mire como veño: ...

Se chove, deixa que chova
se orballa deixa orballar
que eu ben sei dun abrighuíño
onde me hei de ir abrigar.

Mire, meu pai, mire, mire como veño: ...

Miña nai, miña naiciña
coma miña nai ningunha
que me quentaba a cariña
coa caloriña da súa.

Mire, meu pai, mire, mire como veño: ...

Farruquiño anda no monte
coa capa remendada;
ben cho dixen Farruquiño:
quen mal anda mal acaba.

135. CANTA, MIÑA COMPAÑEIRA

- Eu non canto por cantar

Canta, miña compañeira,
miña compañeira, canta,
canta, miña compañeira
que tes moi linda garganta.

E déixame subir
ó cuarto da criada;
e déixame subir,
que non lle fago nada,
morena, por ti.

Canta ti, cantarei eu,
irémo-los dous cantando,
canta quen tiver amores,
canta quen os vai deixando.

136. CARACOL, COL, COL (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Caracol, col, col
bota os teus cornos ó sol
para min, para ti,
para o rei que vén aquí.
Caracol, col, col,
deita os corniños ó sol.
Caracol, col, col,
sae da casa que xa hai sol.

137. CATRO PATAS TEN UN GATO (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Catro patas
ten un gato:
unha, dúas,
tres, catro.

Nun café
rifan un gato:
unha, dúas,
tres, catro.
Unha,
dole,
tele,
catole,
semana,
badana,
chinchín,
carroupín,
catro pés
que fan dez.

138. ALÓ ARRIBA NAQUEL OUTEIRO (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Aló arriba naquel outeiro
había un niño dun lagarteiro;
eu funo ver e non tiña nada.
Malia o pai que a filla non daba!

Aló arriba naquela montaña
estaba o golpe na súa paraña
coas súas airas, coas súas medas,
coa súa corte chea de ovellas.

139. PUÑO, PUÑETE, QUE TES POR DENTRO? (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

—Puño puñete,
que tes por dentro?
—Pan e fermento.
—Que tes por fóra?
—Pan e cebola.
—E polo arredor?
—Pan e calor.

140. REI, REI, CANTOS ANOS DURAREI? (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Rei, rei,
cantos anos durarei?
Vinte e cinco, non o sei.
Un, dous, tres, catro,
cinco, seis...

141. ARCO DA VELLA FUXE DE AQUÍ! (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Arco da vella
fuxe de aquí
que as nenas bonitas
non te queren aquí.
Arco da vella,
revírate pedra,
non botes chuvia
nin pingadela.
Arco da vella,
vai pra Castela,
fai unha casa
e métete nela.

142. XOANIÑA, VOA VOA (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Xoaniña,
voa, voa
que che hei dar
pan de broa.
Xoaniña,
voa, voa
vai e tráeme
algunha nova.
Xoaniña,
voa, voa
que teu pai
vai en Lisboa.
Arco da vella fuxe de aquí

143. ESTE OLLIÑO PIMPILÍN (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Este olliño pimpilín,
este olliño pimpilán,
este nariz, narizán,
esta boca pide pan,
este queixo non llo dá.
Arríncate, cabalán!

144. DONICELA, BONITIÑA (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Donicela,
bonitiña,
garridiña.
Donicela,
torresmeira,
borrallenta,
caldeirona.
Malo raio
que te coma!

145. RABO DE VACA, RABO DE BESTA (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Rabo de vaca,
rabo de besta,
dixo meu pai
que estaba nesta.
Taco, taco,
número catro,
un, dous,
tres, catro.

146. CUCO DE MAIO (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Cuco de maio,
cuco de abril,
cóntame os anos
que hei de vivir.
Cuco-rei, cuco-rei.
Cantos anos viverei
nesta casa que arrendeí?

147. LAGARTO ARNAL (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Lagarto arnal,
lagarto arnal,
comícheslle as papas
a teu irmán.

148. UNHA PEGA REBORDÁ (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Unha pega rebordá
puxo un ovo e rebordou,
puxo dous e rebordou,
puxo tres e rebordou.

ou

Unha pega pegarela
puxo un ovo nunha portela,
puxo dous e rebordou,
puxo tres e rebordou.

149. SE CHE TRABA UN ALACRÁN (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Se che trava un alacrán
bebe viño e come pan
que mañá te enterrarán.
Se che trava a donicela
busca viño e busca vela
que mañá estás na terra.

150. CHOVE, CHOVE (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Chove, chove
na casa do pobre.
Neva, neva
na casa de Lela.
Pinga, pinga
na casa de Minga.
Trona, trona
na casa de Ramona.
Frío, frío
coma auga do río.
Morno, morno
coma auga do chorro.
Quente, quente
coma auga que ferve.

151. TEÑO UNHA GALIÑA BRANCA (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Teño unha galiña branca
que pon tres ovos ó día;
mais, se me puxera catro
mellor conta me faría.

Xa me daban polo pico
asubío ben bonito;
xa me daban polo papo
un boneco que é de trapo;

Xa me daban polo rabo
unha besta e un cabalo;
aínda non estou contento
pita fóra e galo dentro!

152. VENTE VENTIÑO, VENTO MAREIRO

([Manuel Rico, Gadis](#))

Vente ventíño,
vento mareiro
que se non vés
non vén o barqueiro.

Vente ventíño,
vento mareiro
que se non vés
non come o larpeiro.

Vente ventíño,
vento do mar
que se non vés
non sei navegar.

153. O SOL CHÁMASE LORENZO (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

O sol chámase Lourenzo
e a lúa Catarina;
Catarina anda de noite
e Lourenzo anda de día.

Aluméame, luíña,
aluméame, luar;
aluméame de noite
de día vai descansar.

154. ESTABA A SILVA NO SEU LUGAR (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Estaba a silva no seu lugar
veu a mora prá pillar.
Mora na silva
e silva no chan.
O pobre do chan
de todo ten man.

Estaba a mora no seu lugar
veu o polo prá pillar.
Polo na mora,
mora na silva

e silva no chan.
O pobre do chan
de todo ten man.

Estaba o polo no seu lugar
veu o raposo pró pillar.
Raposo no polo,
polo na mora, mora na silva
e silva no chan.
O pobre do chan
de todo ten man.

Estaba o raposo no seu lugar
veu o lobo pró pillar.
Lobo no raposo,
raposo no polo, polo na
mora, mora na silva
e silva no chan.
O pobre do chan
de todo ten man.

Estaba o lobo no seu lugar
veu o pau pra lle pegar.
Pau no lobo,
lobo no raposo, raposo
no polo, polo na mora,
mora na silva e silva no chan.
O pobre do chan
de todo ten man.

Estaba o pau no seu lugar
veu o lume pró queimar.
Lume no pau,
pau no lobo, lobo no raposo,
raposo no polo, polo na
mora, mora na silva
e silva no chan.
O pobre do chan
de todo ten man.

Estaba o lume no seu lugar
veu a auga pró apagar.
Auga no lume,
lume no pau, pau no lobo,
lobo no raposo, raposo
no polo, polo na mora,
mora na silva e silva no chan.

O pobre do chan
de todo ten man.

155. PEPE REPEPE, CAMISA RACHADA (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Pepe, reepepe,
camisa rachada, (camisa cagada)
foi á cociña
lambe-la pescada;
lambeu e lambeu
e nunca se encheu;
subiu ó canizo
e chimpou un chourizo;
deixouno nun prato
e comeullo un gato;
correu e correu
e o cu lle lambeu.

156. BATE MEU LEITE (infantil)

([Manuel Rico, Gadis](#))

Bate meu leite
na cántara nova
con tres pelouriños
e mailo da roda.

Bate meu leite
se te has de bater
que na casa teño
quen te ha de comer.

Así se amasa,
así se peneira,
así se lle dá a volta
ó pan na maseira.

Toco e retoco
co puño, puñete;
toco e retoco
e amaso o molete.

157. XA VÉN O TEMPO DE MAZAR O LIÑO

([Manuel Rico, Gadis](#))

Xa vén o tempo de mazar o liño,
xa vén o tempo do liño mazar;
xa vén o tempo, rapazas do Miño,
xa vén o tempo de se espreguizar.

Estamos no tempo do tróupele, tróupele,
estamos no tempo de troupelear;
estamos no tempo de mazar o liño,
estamos no tempo do liño mazar.

158. O CANTAR DO ARRIEIRO

([versión en YouTube](#))

O cantar do arrieiro
éche un cantar moi baixiño;
cántano en Ribadavia
resoa no Carballiño.

Barqueiros de Ribadavia
vídeme pasar a min
que veño de santa Rosa
e vou pró san Agustín.

Santo Hadrián é barqueiro
barqueiro é santo Hadrián;
santo Hadrián é barqueiro
que leva o remo na man.

Desoutro lado do río
teño unha parriña de uvas
e o barqueiro non me pasa,
e elas caen de maduras

ou

Arrieiros son os homes,
arrieiros os homes son,
levan amor feiticeiro
cravado no corazón.

A vida do arrieiro
non hai vida coma ela,
a semana no carreto
e o domingo na taberna.

Lévame no carro, leva,
carreteiriño das uvas,
lévame no carro, leva,
comerei as máis maduras.

O cantar do arrieiro
é un cantar moi baixiño,
cando canta en Ribadavia,
resoa no Carballiño

(Escolma de cantigas)

159. O PIOLLO E A PULGA QUERÍAN CASAR (infantil)

[\(Manuel Rico, Gadis\)](#)

O piollo e a pulga
querían casar;
non tiñan panciño
para escomezar.

Saíu a formiga
da súa graneira;
mandade recado
que eu son panadeira.

Ai, miña vidiña,
panciño xa temos
mais falta o viño,
onde o buscaremos?

Saíu o mosquito
do seu mosquiteiro;
o viño non falta
que eu son arrieiro.

Ai, miña vidiña,
viñiño xa temos
mais falta o mantel,
onde o buscaremos?

Saíu o mosquito
do seu mosquiteiro;
o viño non falta
que eu son arrieiro.

Ai, miña vidiña,
viñiño xa temos
mais falta o mantel,
onde o buscaremos?

Saíu unha araña
da súa arañeira;
mantel non vos falta
que eu son tecedeira.

Ai, miña vidiña,
mantel xa che temos
mais falta o gaitero,
onde o buscaremos?

E o grilo cantou
porque é moi grileiro;
gaitiña non falta
que eu son o gaitero.

Ai, miña vidiña,
gaitero xa temos
mais falta a madriña,
onde a buscaremos?

Saíu a ranciña
da súa pociña;
mandade recado
que eu vou de madriña.

Ai, miña vidiña,
madríña xa temos
mais falta o padriño,
onde o buscaremos?

Saíu o ratiño
do seu buratiño;
mandade recado
que eu vou de padriño.

Mais cando a voda
se puña en camiño

veu o señor gato
e comeu o padriño.

160. VAI DE RODA EN RODA

([Manuel Rico, Gadis](#))

Vai de roda en roda,
vai de flor en flor,
vai co seu donaire,
vai co seu amor.

Darei media volta,
darei si, señor,
darei outra media,
cambiarei de amor.

Mira que donaire
leva o meu amor;
e dá media volta,
o bo bailador.

Un paniño branco
e todo está ben
pero é quen o leva
mellor ca ninguén.

161. BEBÍN UN VIÑO ALBARIÑO

Bebín un viño Albariño
pra ver se me consolaba,
o viño como era novo, ai, la, la,
o viño como era novo
ó ilo beber choraba.

*O viño Albariño, que sabroso é
bebes un pouquiño e xa e pos de pé
xa te pos de pé, disposto a bailar,
bebes un pouquiño e xa estás a cantar.*

Do outro lado do río
ten meu pai un castiñeiro

dá castañas en agosto, ai, la, la,
dá castañas en agosto
e uvas pasas en xaneiro.

O viño Albariño, que sabroso...

(Cantigas para compartir)

162. FOLIADA DE VILAXOÁN

Moi ben capeas o vento
miña dorna mariñeira,
moi ben capeas o vento,
fas coma unha boa moza,
ai, que anda con dous a un tempo,
que anda con dous a un tempo.
Ai lalelo, ai lalala

*Alá van as dornas do xeito
pescar as sardiña a eito
e van cara á banda do mar
porque en Rianxo algo van pescar*

Nunha lanachiña de vela
pasei a ría de Arousa,
nunha lanciña de vela.
Non vin cousa máis bonita,
ai, nin penso volver a vela,
nin penso volver a vela.
Ai lalelo, ai lalala

Alá van as dornas do ...

Parei en Vilaxoán
indo para Vilanova,
parei en Vilaxoán,
tomei unhas revenidas,
ai, moi ben mollaban o pan,
moi ben mollaban o pan.
Ai lalelo, ai lalala

Alá van as dornas do ...

De ter as mellores xoubas
Vilaxoán ten a sona,
de ter as mellores xoubas,

son da praia de Canelas,
ai, coma elas non hai outras,
coma elas non hai outras.

Ai lalelo, ai lalala

Alá van as dornas do ...

(Repertorio tabernario)

163. FOLIADA DE ENTRIMO

[-Canta Coral de Ruada \(YouTube\)](#)

Viva a gaita e o gaiteiro,
vivan as nosas aldeas,
viva a gaita e o gaiteiro,
vivan as mozas galegas,
viva o viño do Ribeiro.
Ai lalelo, ai lalelo.

*Ai, Maruxiña, non vaias á herba,
que vén o vento mareiro e toda cha leva,
toda cha leva, lévacha toda,
ai, Maruxiña, Maruxa, non sexas tola.*

Porque ela cantaba ben,
eu caseime cunha nena,
porque ela cantaba ben,
agora morro de fame
que o cantar non me mantén.
Ai lalelo, ai lalelo.

Ai, Maruxiña, non vaias ...

Viva a nosa horada terra,
Viva Galiza irmandiña,
viva a nosa honrada terra,
viva a Cruña, viva Lugo,
viva Ourense e Pontevedra.
Ai lalelo, ai lalelo.

Ai, Maruxiña, non vaias ...

(Repertorio tabernario)

164. FOLIADA DE AMOEIRO

Ai mozas do Chan de Amoeiro,
ai cantai alto, ai cantai alto,
ai mozas do Chan de Amoeiro,
ai que vos sinta o meu querer,
ai cando vou pró fiadeiro.
Ai lalelo, ai lalalo

*Alá vai o gaitero
por detrás do pinar,
vai tocando unha gaita
xa podedes bailar.
Alá vai o gaitero,
alá vai, alá vai.*

Ai, caben nunha saquetiña,
ai, teño un saco de cantigas,
ai, caben nunha saquetiña.
Ai, non me esteas enfadando,
ai, que desato a baranciña.
Ai lalelo, ai lalalo

Alá vai o gaitero ...

Ai, bebe na fote de prata,
ai paxariño, pico de ouro,
ai, bebe na fonte de prata.
Ai, coitadiña da neniña,
ai, que por amores me mata.
Ai lalelo, ai lalala

Alá vai o gaitero ...

(Repertorio tabernario)

165. FOLIADA DE BARRO DE ARÉN

Viva Barro, viva Barro,
viva Barriño de Arén,
viva Barro, viva Barro,
viva Meilide, tamén.

Moreniña por morena,
téñoche o ollo botado,
has de ser miña muller,

ou non hei de ser casado.

Ai lalalo, ai lalalo

Miña monteira garrida,
miña monteira garrida,
moito me tes encuberto,
alá por Soutelo arriba.

Ai lalalo, ai lalalo

Os solteiros valen ouro,
os casados valen prata,
os viúvos caldeirilla
e os vellos folla de lata.

Ai lalalo, ai lalalo

(Repertorio tabernario)

166. COPLAS DE ESPADELADA

Tecedora do meu liño
dálle unha voltiña máis,
aunque traballes de noite
o liño non ha de faltar.

A lúa vai encuberta,
a min pouco che me dá,
a lúa que a min me aluma
dentro do meu peito está.

Á fonte vai por auga
ao muíño pra moer,
eu vou tece-lo liño
de mañán ao anoitecer.

(Escolma de cantigas)

167. XA FUN A MARÍN

[-Versión en YouTube](#)

Xa fun a Marín, xa pasei o mar,
xa comín laranxas do teu laranxal.

Ai, Santiago para pantrigo
ai, Padrón para as empanadas,

ai, Caldas para as boas mozas,
ai, Pontevedra para damas.
Ai lalalo, ai lalalo

Ai, teño unha moza nos portos
ai, outra no Ribeiro de Avia,
ai, se a dos portos é bonita,
ai, a do Ribeiro lle gaña.
Ai lalalo, ai lalalo

Ai, esta noite e mais a outra,
ai, e mais a outra pasada,
ai, abalei unha pereira,
ai, que nunca foi abalada.
Ai lalalo, ai lalalo

Ai, eu caseime e ampareime,
ai, agora estou amparada,
ai, de solteira roupa nova,
ai, de casada remendada.
Ai lalalo, ai lalalo

Ai, un amor que me ama,
ai, outro que me dá diñeiro,
ai, outro que me desengana,
ai, ese é o verdadeiro.
Ai lalalo, ai lalalo

(Repertorio tabernario)

168. PANDEIRADA DE TELLA

[Versión de Faltriqueira](#)

Veño do lugar de Tella
de ver unha telleana,
que me rouba o corazón
e se me meteu na ialma.

Ailalala, ailalala

A pandeira sen ferreñas
e as ferreñas sen pandeira
son como a barca sen remo
e o remo sen mariñeiro.

Ailalala, ailalala

O pandeiro ten a culpa
o pandeiro tena toda,
o pandeiro ten a culpa,
que lle dean e non resoa.

Ailalala, ailalala

(Repertorio tabernario)

169. FOLIADA DE TENORIO

Carballeira de Tenorio, heina de mandar cortare
cando vou pra Pontevedra, quítame a vista do mare.

As de alá arriba cando van co gando
espetta a vara e bailan o tango
e bailan o tango e maila muiñeira,
as de alá arriba non hai quen as queira.

Ó gaitero de Soutelo
mal raio de dio-lo mate,
non quere toca-la gaita
sen que den chiculture.
ailalelo, ailalala

Cando saín de Soutelo
os meus ollos eran fontes,
adiós montes de Soutelo,
adiós Soutelo de Montes
ailalelo, ailalala

Carballeira de San Xusto, Carballeira derramada
naquela carballeiriña, perdín a miña navalla,

(Repertorio tabernario)

170. CANTIGA DAS NAMORADAS

Corazón por corazón,
home non troques o meu
porque o meu corazónciño
sempre foi leal ao teu.

Desgraciado do loureiro
que está á beira do camiño,
cada persoa que pasa
tíralle o seu ramallíño.

Quixera ser dos paxaros
que anduriñas lles chaman,
para facer o meu niño
ao pé da túa ventana.

O paxariño do prado
ao ver as flores se alegra,
eu con ver a túa cara
boto fóra as miñas penas

(Escolma de cantigas)

171. ALALÁ DE CANEDO

A subila e baixala a costíña de Canedo,
a subila e baixala perdín a cinta do pelo.

Anda ti, falso e refalso, falso che volvo a dicir,
o día que me vendeches, canto che deron por min?

A túa color se volva da cinta do meu sombreiro,
que tan pronto me olvidaches por ser o amor primeiro.

(Escolma de cantigas)

172. O VERDEGAIO

Cantan [no IES de Salvaterra](#) - Cantan [Leilía](#) (YouTube)

As penas do verdegaio
son verdes e amarelas,
non me toques, senón caio
non me rompas as canelas.

A do verdegaio, a do ras-tras-tras,
quero o meu amor, quero o meu rapaz,
a do verdegaio, a do rus-trus-trus,
quero o meu amor, quero o meu Xesús.

*Vai tu, vai tu, vai ela, vai tu prá casa dela (BIS).
É do meu gosto, é da miña opiniao,
é da madeira máis fina, da raíz do corazón.*

Anibía i anubía
i anque anubía non chove,
o meu amor está malo,
anque está malo non morre.

Oh, señora Ana, señora María,
o seu galo canta e o meu asubía.
oh, señora Ana, o seu galo ve
unha latadiña na cara do meu.

Vai tu, vai tu, vai ela, vai tu prá...

Meu caño, meu cañotiño,
todos te chaman pequeno,
a min me parece grande
co cariño que che teño.

A do verdegaio, a do ras-tras-tras,
quero o meu amor, quero o meu rapaz,
a do verdegaio, a do rus-trus-trus,
quero o meu amor, quero o meu Xesús.

Vai tu, vai tu, vai ela, vai tu prá...

(Repertorio tabernario)

173. COPLAS DE PANDEIRO

Para cantar veño eu,
para bailar meu irmán;
para tocar o pandeiro
viva que o ten na man!

Algún día cantei ben,
agora vella non podo;
a que canta ben de moza
sempre lle vai dando modo.

O gaitero toca a gaita,
a muller o tamboril;
os fillos as castañetas,
na miña vida tal vin!

O pandeiro ten a culpa,
o pandeiro tena toda;
O pandeiro ten a culpa
que lle dean e non resoa.

(Escolma de cantigas)

174. O MELRO

[-Canta Treixadura](#) (YouTube)

Ían polo prado abaixo
o melro e mais a melra,
ían polo prado abaixo,
o melro como era pillo
meteu a melra debaixo.

Ai lalelo, ai lalala

Ían polo campo arriba
o melro e mais a melra,
ían polo campo arriba,
o melro como era pillo
botoulle a para por riba.

Ai lalelo, ai lalala

Casamenteiro das vellas,
San Antonio de Catoira,
casamenteiro das vellas,
por que non casas as novas,
que mal che fixeron elas?

Ai lalelo, ai lalala

Aí vos vai a derradeira,
aí vos vai a despedida,
aí vos vai a derradeira,
acabouse a chicultureira,
acabouse o chuiculate,
rompeu a chicultureira.

Ai lalelo, ai lalala

(Repertorio tabernario)

175. MORENO, POR TI MORENO

- [Primordiais en YouTube](#)

*Moreno, por ti moreno, ó mar me botaría,
pero por outro moreno na miña casa estaría (BIS)*

Andas de riba pra baixo coma a folla da silveira,
andas de riba pra baixo e non topas quen te queira (BIS)

Ai, ai, moreno, por ti moreno...

Este ano hei de ir alá, motero non teñas medo,
déixame a porta trancada cunha palla de centeo (BIS)

Ai, ai, motero, por ti motero...

Miña Virxen da Peña non te veño a pedir panhe,
véñote pedir un home que sepa varre-lo chanhe

Moreno, por ti moreno

(Versión de [Primordiais](#))

176. ELA QUER QUE

Ela quer que lle freguen os pratos,
ela quer que llos poñan ben brancos,
Ai, ai, ai, que demo de vella!
ai, ai, ai, que contos me ten,
que dempois que lle freguen os pratos
quer que lle freguen tamén a sartén!
Ela quer que lle faga a camisa,
ela quer lla poña ben lisa.
Ai, ai, ai, que demo de vella!
ai, ai, ai, que contos me ten,
que dempois que lle fan a camisa,
quer que lla vistan ó lombo tamén.
Ela quer que lle fagan a cama,
ela quer que lla poñan ben llana.
Ai, ai, ai, que demo de vella!
ai, ai, ai, que contos me ten,
que dempois que lle fagan a cama
quer que a boten nela tamén!
Ela quer que lle freguen as cuncas,
ela quer que llas poñan ben xuntas.
Ai, ai, ai, que demo de vella!
ai, ai, ai, que mangoleteira,

que de pois que lle fregan as cuncas
quer que lle freguen a chuculateira!

Fonte: *Cantar na Coruña*. Xosé Manuel Sánchez Rei

177. CANTIGAS DE CREGOS

O crego e mais a criada
ordenaron de cocer;
tiñan a leña no monte
e a fariña por moer.

O crego foi ó muiño
co cenico na cabeza,
escorréronlle as chinelas,
alá vai de cu na presa.

O creguiño de Sueiro
moi pequeno se quedou,
que naceu no mes de agosto
e coa seca non medrou.

O cura chomoume rosa,
eu tamén lle respondín:
destas rosas, señor cura,
non as hai no seu xardín.

O cura vendeu, vendeu
e non tiña que vender;
vendeu o rabo da besta,
borrachón, para beber.

Fonte: *Cantar na Coruña*. Xosé Manuel Sánchez Rei

178. CANTIGAS DE MULLERES QUE DECIDEN

Ai, adeus, miña miniña,
miña revolteadora;
botáchesme fóra as pallas,
onde hei de durmir agora.

Ó pasar a barca díxome o patrón:
pobre rapaciña do meu corazón;

logo de escoitalo tanto me rin,
que o patronciño nunca máis o vin.

Pasei pola túa porta,
erguín os ollos e vin
un letreiro que me dice:
ti non es para min.

Por unha vez que cho diga,
outra vez que cho diga basta:
*non quero ser pretendida
por fillo de mala casta.*

Se me rondan, que me ronden,
eu non quero ser rondada,
pois digo unha vez que non,
non quero ser porfiada

Fonte *Sermos Galiza, A fondo*, 13/09/2018

179. CANTIGAS DE MULLERES CASADAS

Casadiña de tres días
logo levache unha tunda;
se as solteiriñas o saben
non se casaba ningunha.

-Dime, casadiña nova,
como che vai de casada?
-Como criada que serve
e non lle pagan soldada.

Se o casar fose dun día,
ou sequera por un ano!
Esto de ser para sempre,
Dios nos teña da súa mao!

Fonte *Sermos Galiza, A fondo*, 13/09/2018

180. CANTIGAS DE HOMES DE POUCO VALOR

Este ano hai moito liño,
este ano hai moita aresta;

os rapaciños de agora
cheiran a mexo que apestan.

Moreniña ha de ser,
a terra dos nabos;
e o home para ser bo,
ha de ser moído a paus.

Mala xeta varredira
veña polo bon varón,
veña por tódolos homes,
por cantos no mundo son.

Vaia, louvadiño sexa Deus!
que xa vén a barateza:
os homes van a real,
catro por unha peseta.

Fonte *Sermos Galiza, A fondo*, 13/09/2018

181. CANTIGAS SOBRE MULLERES QUE CANTAN

Depredéronme a cantar
as neniñas de Rianxo;
deprendéronme a cantar
indo polo río abaixo.

Deprendeume miña nai
a tocar a pandeireta;
deprendeume miña nai
cando me sacou da teta.

Dices que non canto ben,
para ti canto bastante;
se non me queres oír,
arre burro para adiante.

Fonte *Sermos Galiza, A fondo*, 13/09/2018

182. SE VAS Ó CONVENTO DE HERBÓN

[Versión en YouTube](#)

Se vas ó convento de Herbón
mira pró lado dereito
verás o San Benitiño
botando auga polo peito BIS
Ailalelo.

Miña nai e maila túa
quedan no río berrando
por culpa dunha galiña
que tiña amores cun galo.

E se unha perna teño aquí
e outra no teu tellado
mira se te quero nena
que estou escarranchado BIS
Ailalelo.

183. SAN ANTÓN, SAN ANTONIÑO

[Versión en YouTube](#)

San Antón, San Antoniño,
o santo máis queridiño, (o santo que non bebe viño)
San Antón, San Antoniño,
dáme forza no carácter,
como ó porco no fuciño.

184. O VIRA, VIRA

De Portugal me mandaran tres peras nun ramalliño,
estimaba de saber que me ten tanto cariño,
o vira, o vira, o vira virou,
a volta do vira son eu quen a dou.

De Portugal me trouxeran unha camisa ben feita,
cun caravel encarnado na pulseira da man dreita,
o vira, o vira, o vira virou,
a volta do vira son eu quen a dou.

Portugal, non me namores, non me toque-la birola,
eu xa fun a Portugal, Portugal non me namora,
o vira, o vira, o vira virou,
a volta do vira son eu quen a dou.
(*Cantada por Muxicas*)

185. O CARBALLO DA PORTELA

[Versión en YouTube](#)

O carballo da Portela
ten a folla revirada
que lla revirou o aire
nunha mañán de xiada

O carballo da Portela abanea e non cae,
así fai a boa nena que se guía por seu paie,
así fai a boa nena que se guía por seu paie.

186. MIÑA NAI DOS TRABALLIÑOS

Miña nai como e tan probe
e non tenpan pra me dar
éncheme a cara de bicos
e despois rompe a chorar

Miña nai dos traballiños
para quen traballo eu
con traballo mallo o corpo
e non teño nada do meu

Chora meu pai que se mata
e non ten senon a min
cale meu pai da i-alma
que eu pra morrer nacín.

Fonte ogalego.21

187. XOTA DE LOURIDO

Ai, Barcia de Mera caíu,
ai, Barcia de Mera caíu,
ai, Redondo xa está no chan,
ai, aldeíña de Lourido,
ai, esa non cae que ten man,
ai, esa non cae que ten man,
ai lala...

*Ai Sara, Sariña
ai Sara ti e-la miña
Ai Sara, Sarón
ai Sara do corazón*

Ai, eu tirei cunha pedriña,
ai, eu tirei cunha pedriña,
ai, de Marín a Redondela,
matei un portuguesiño
que estaba de sentinela,
ai, que estaba de sentinela,
ai lala....

Ai Sara, Sariña

Ai, eu tirei unha alaranxa,
ai, eu tirei unha laranxa,
ai, de Marín a Portonovo,
ai, dentro daquela laranxa,
ai, vai o meu amor todo,
ai, vai o meu amor todo,
ai lalalaa...

Ai Sara, Sariña

Versión das Tanxedoras

188. INDO PRA FEIRA DE OURENSE

Indo prá feira de Ourense
Olvidouseme a aguillada.

*Ai Sararara morena!
Ai Sararara malvada!*

Peguei unha revirivolta
e volvín pola aguillada.

*Ai Sararara morena!
Ai Sararara malvada!*

Ábreme a porta, Sariña,
que volvo pola aguillada.

*Ai Sararara morena!
Ai Sararara malvada!*

A porta non cha podo abrir,
que estou facendo a colada.
Ai Sararara morena!
Ai Sararara malvada!

Perdinche a revirigonza
e subín pola ventana.
Ai Sararara morena!
Ai Sararara malvada!

Quen é ise gato negro
que tes debaixo da cama?
Ai Sararara morena!
Ai Sararara malvada!

É o gato da nosa comadre,
que vén onda a nosa gata.
Ai Sararara morena!
Ai Sararara malvada!

O gato da túa comadre
gasta sombreiro e sotana.
Ai Sararara morena!
Ai Sararara malvada!

Fonte: galego21.net

189. ESTE MES DE MAIO É O MES DAS FLORES

Este mes de maio é o mes das flores
cando os paxariños deixan ver os seus amores.
Velo aí vén o maio por detrás de San francisco.
Velo aí vén o maio cargadiño de trevisco.

Aquí vén o maio das frores dono e señor,
cargadiño de esperanzas abrindo as portas do amor.

Levántate maio que tanto dormiche,
pasou o inverno e ti non veniche.
Levántate maio que tanto durmiche
que pasou abril e ti non o viche.

Fonte: galego21.net

190. SE CHOVE, DEIXA CHOVER

Se chove deixa chover,
se orballa deixa orballar,
que por máis que chova e chova
de ti non me hei de apartar.

O que navega de noite
ha de tropezar nos penedos
e eu que ando polo día
tropezo nos teus enredos.

Fonte: galego21.net

191. Cantiga de berce

A miña nena pequena quen lle ha de da-la teta!
A mamá vai no muiño ,o papá na herba seca.
O papá na herba seca, aialelo aialalo.

E durme meniño que aí ven o cocón.
Vai leva-los nenos que non dormen non,
que non dormen non, que non dormen non.
E durme meniño que aí ven o cocón.

A miña nena pequena heina de aprender a todo,
a cocer e a moere, a bota-lo pan no forno
a bota-lo pan no forno, aialelo aialalo.

E durme meniño que aí ven o cocón.
Vai leva-los nenos que non dormen non,
que non dormen non, que non dormen non.
E durme meniño que aí ven o cocón.

Fonte galego21.net

192. CANTIGAS DE REIS

Os tres reises magos
van para Belén,
quitaron os zocos
para correr ben.
Lupe de Caveira
faielles o café,

Esperanza de Macario
peneira de pé.

(bis)

Escoiten señores
o aguinaldo novo
que naceu o neno
metido nun ovo.

Escoiten señores
o aguinaldo vello
que naceu o neno
metido nun cesto.

Déano-lo aguinaldo
anque sexa pouco,
un bo bacallao
e a metade doutro.

De postre castañas
boas e ben grandes,
un molete enteiro
e un queixo de flandes.

(bis)

Quiquiriquí. Asociación de Gaiteiros Galegos

193. Cantares de Reis de Pombeiro (Pantón, Lugo) enviados por
Laura Vázquez Sobrado

Nesta casiña faiada,
faiadiña de papel
que por moitos anos vivan
os señores de Manuel.
(os señores que están nel)

Nesta casa faiadiña
faiadiña de por dentro,
que por moitos anos vivan
os señores que están dentro.

Non pedimos polo moito
nin pedimos polo pouco,
pedimos un marrao enteiro
e a mitá doutro.

194. ROMANCE DA LEONESA

Ábreme a portiña,
cérrame o postigo,
dáme do teu lenzo,
ai meu ben!
que veño ferido.

Pois se vés ferido,
vés de mala hora,
que as miñas portiñas
non se abren agora.

Érguete Leonesa,
aí tes pan e viño,
limosna ao cego
que anda camiño.

Non lle quero pan
nin lle quero viño,
quero que Leonesa
me ensine o camiño.

Fonte: galego21.net

195. ROMANCE DO CEGO ANDANTE (O CONDE ALBERTO)

[Versión de Fuxan os Ventos en YouTube](#)

Ábreme a portiña,
ábreme o postigo,
dáme do teu lenzo
iai meu ben!
que veño ferido.

Pois se vés ferido
vés a mala hora,
que as miñas portiñas
iai meu ben!
non se abren agora.

Miña nai esperte,
nin tanto durmir,
veña ouvir un cego
iai meu ben!
cantar e tañir.

E se el canta e pide
dálle pan e viño,
dille ó triste cego
iai meu ben!
que siga o camiño.

Non quero o seu pan,
nin quero o seu viño,
quero que Rosiña
iai meu ben!
me ensine o camiño.

Colle, ou Rosiña!,
a roca e o liño,
vai co triste cego
iai meu ben!
dicirlle o camiño.

Anda, ou Rosiña,
máis outro pouquiño,
son curto de vista
iai meu ben!
non vexo o camiño.

De condes e duques
xa fun pretendida
e agora dun cego
iai meu ben!
véxome rendida.

Eu non che son cego,
nin Dios o permita,
sonche o conde Alberto
iai meu ben!
que te pretendía.

Adeus miña casa,
adeus meus quintais,
adeus compañeiras
iai meu ben!
para nunca máis.

Comezou a selección de cantigas populares galegas co himno de Galicia e remata con cinco tan coñecidas e cantadas polos galegos que son (xunto coa Rianxeira) tidas por populares por moitos galegos:

196. Extra 1. LONXE DA TERRIÑA.

Poema de **Aureliano J. Pereira** musicado por **Xohán Montes**.

[*\(Versión en YouTube\)*](#)

Lonxe da terriña,
lonxe do meu lar,
que morriña teño,
que angustias me dan;
non che nego a bonitura,
ceíño desta terriña,
ceíño da terra allea,
ai, quen che me dera na miña.

Ai, meu alalá,
cando te oirei,
chousas e searas,
cando vos verei;
son as frores dises campos
frorentes e bonitiñas,
ai, quen aló che me dera
entre veigas e entre ortigas.

Lonxe da terriña,
que angustias me dan,
os que vais pra ela
con vós me levai,
os que vais pra ela
con vós me levai,
os que vais pra ela
con vós me levai.

197. Extra2. DOUS AMORES.

(Poema de **Salvador Golpe** e música de **Baldomir**)

[*\(Versión en YouTube\)*](#)

Dous amores a vida gardarme fan:
a patria e o que adoro no meu fogar.
A familia e a terra donde nacín,
sen eses dous amores non sei vivir!

Cando xa no meu peito non sinta amor,
cando da miña patria non vexa o sol,
ven morte, ven axiña cabo de min,
que sin amor nin patria non sei vivir!

198. Extra3. OS TEUS OLLOS

Poema de Manuel Curros Enríquez (música: J.C Chane), clásico no repertorio de corais e grupos

- Versións no YouTube: [Uxía](#), [María do Ceo](#), [Rosa Cedrón-Cristina Pato](#), [Milladoiro](#), [Treixadura](#), [Coral P. Atienza](#)

Ten a serena o canto
i a serpe o alento,
o lago ten a onda,
Dios ten o inferno.
Ti tes de abondo
co que tes escondido
neses teus ollos.

O trono dos monarcas,
do sabio os trunfos,
a gloria do poeta,
o ouro do mundo:
Dera eso todo
por sólo unha mirada
deses teus ollos.

Buscan os pitorreises
pra faguer niño
a herba santa que nace
beira do río.
Eu busco solo
unha mirada meiga
deses teus ollos.

Cando se pon a lúa
tras dos penedos,
choran as estrelliñas
todas do ceo.
Tamén eu choro
cando non me alumean
eses teus ollos.

([Son de poetas](#))

199.-Extra4. **UN ADIÓS MARIQUIÑA.**

Poema de **Manuel Curros Enríquez**, que o titulou *A Mariquiña Puga*.
Púxolle música o mestre **Castro Chané**.

[-Versión en YouTube](#)

Como ti vas pra lonxe
i eu vou pra vello,
un adiós, Mariquiña,
mandarche quero,
que a morte é o diaño
i anda rondando as tellas
do meu tellado.

Cando deixes as costas
da nosa terra
nin lus nin poesía
quedará nela.
Cando te vaias
vaise contigo o ánxel
da miña garda.

Pombiña mensaxeira
de branca pruma,
fálalle ós emigrados
da patria súa.
Dilles, mimosa,
que deles apartada
Galicia chora.

Dilles que prós seus lares
tornen axiña;
que sin eles non queren
pintar as viñas,
regar os regos,
madurar as castañas
nos castiñeiros

Dilles que non hai terra
millor que a nosa,
máis ridentes paisaxes,
máis frescas sombras,
máis puros ceos,
nin lúa máis lucente
no firmamento.

Dilles que súas obrigas
eiquí os esperan,

ie se onde elas non morren
que se condenan! ...
I agora voa,
pombiña, e que te guíe
Nosa-Señora.

200. Extra5. UNHA NOITE NA EIRA DO TRIGO

Esta cantiga pertence a *Aires da miña terra*, de **Manuel Curros Enríquez**. No libro o título é *Cantiga* e o primeiro verso: *no xardín unha noite sentada*. Mais popularizouse con este título e verso que aquí recolleemos. Axudou á súa difusión a música de Cesáreo Alonso Salgado, logo arranxada por Xohán Montes.

[- Versión YouTube.](#)

[-Unha noite na eira do trigo: *No bico un cantar* \(TVG\)](#)

[-Rosa Cedrón e Cristina Pato en YouTube](#)

Unha noite na eira do trigo
ó refrexo do branco luar
unha nena choraba sin trégoas
os desdés dun ingrato galán.
I a coitada entre queixas decia,
"xa no mundo non teño ninguén,
vou morrer e non ven os meus ollos
os olliños do meu doce ben".

Os seus ecos de malenconía
camiñaban nas alas do vento
i o lamento
repetía:
"vou morrer e non vén o meu ben!".

Lonxe dela, de pé sobre a popa
dun aleve negreiro vapor
emigrado, camiño de America
vai o pobre, infelís amator.

I ó mirar ás xentís anduriñas
cara á terra que deixa cruzar:
" quen pudera dar volta - pensaba-,
quen pudera convosco voar!".

Mais a aves i o buque fuxían
sin oír seus amargos lamentos;

solo os ventos
repetían:,
"quen pudera convosco voar!"

Noites craras de aromas e lúa
desde entón que tristeza en vós hai
prós que viron chorar unha nena
prós que viron un barco marchar!

Dun amor celestial verdadeiro
quedou solo de bágoas a proba
unha cova
nun outeiro
i on cadavre no fondo do mar.

Esta selección de 200 cantigas non podía rematar con outra que non
fose *a cantiga* do mestre Curros

201. Alecrín.

(Versión da canción portuguesa na que o alecrim é "a flor do campo",
en galego a flor do toxo é a chorima)

[Versión de Pilocho-YouTube](#)

[Versión de Maria do Ceo \(portugués\)-YouTube](#)

Alecrín, alecrín dourado
que naceu no monte
sen ser semeado (BIS)

Ai, amor, amor,
quen che dixo a ti
que a flor do toxo
era o alecrín

Ai, amor, amor
quen che dixo a ti
que a flor do toxo
chamábase alecrín

Ligazóns externas recomendadas:

- Todo comezou con *Escolma de cantigas*, Caja de Ahorro Municipal de Vigo, 1978
- [Elelelos](#) (O [Retrouso](#), Cela, Bueu)
- Máis sobre cantigas populares: [Eu non canto por cantar. Cancioneiro popular de Galicia. Manuel Rico Vereas/Antón Santamarina Fernández](#)
- *Cantigas de berce* en Gadisa: [letras e partituras](#)
- [Heiche de cantar un conto. Manuel Rico. Gadis-2016.](#)
- **Canciós en Galego:** [Facebook](#)
- [Máis cantigas en galego21](#)
- Reproduce a maioría das cantigas desta páxina: [musica.com/cantigas_populares_galegas](#)
- *Repertorio tabernario*, Luís Torres Vázquez, 2ª ed. 2016 (**moi completo**)
- *Cantigas para compartir*, Ir Indo, 2009

ogalego.eu	Índice de Exercicios de lingua galega	Pseudónimos galegos
2005-2022	Anxo González Guerra, Vitoria Ogando Valcárcel	Suxestións: ogalego@galicia.com